

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DO PLENO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2017 DE NÚM 8/2017.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG- CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG- CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG- CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG- CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG- CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).
D^a CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSE CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a MARTA OVIEDO CREO.

Índice:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO DIA 24, 26 E 29 DE MAIO.-.....	3
2. DECRETO DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.....	5
3. EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA. (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA CSE07016).....	13
4. EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DE CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SUMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN.	17
5. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A CONSTRUCCIÓN DO CAR.....	19
6. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA DO SR. ALCANDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN PARA QUE EXPLIQUE TODO O RELATIVO AO EXPEDIENTE E XUÍZO REFERENTE Á TITULARIDADE DO CAMIÑO DE VILASOA.....	26
7. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE O GOBERNO NEGOCIE COA XUNTA DE GALICIA A SINATURA DUN CONVENIO COA SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO PARA QUE O ALBERGUE DA LAXE MANTEÑA A FUNCIÓN DE LOCAL SOCIAL DE BENDOIRO.-.....	28
8. REPARACIÓN DOS CARRÍS DA ESTRADA PO-533 NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN.....	33
9. MOCIÓN DO PP PARA ACOMETER MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA E INFANTIL NO ENTORNO NATURAL DA CARBALLEIRA DO RODO.....	36
10. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO UN PLAN DE PREVENCIÓN DA SECA PARA O CONCELLO DE LALÍN.....	39
11. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO INFORME SOBRE O PROCEDER DUN TRABALLADOR MUNICIPAL.....	42
12. MOCIÓN DE URXENCIA PARA QUE O GOBERNO INFORME Á OPOSICIÓN DA CUANTÍA DOS REMANENTES DE 2016 QUE SE PODERÍAN DEDICAR A PROXECTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES E PARA QUE PROCEDA A REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS QUE, A PROPOSTA DA OPOSICIÓN, FORON APROBADOS EN SUCESIVAS SESIÓNS PLENARIAS CO FIN DE QUE SEXAN EXECUTADAS CA PARTIDA DE REMANENTES ANTES CITADA.....	46
13. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO PLAN DE SINALIZACIÓN GLOBAL DO SANTUARIO DO CORPIÑO E CONSTRUCCIÓN ZONA PEONIL CARRETERA PRADO-DODAÑO.....	53
14. ROGOS E PREGUNTAS.....	54

Sendo as **nove horas do venres, día 30 de xuño de 2017**, xuntáronse no salón de Plenos de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, os expedientes puxéronse na súa disposición e cumpríronse toda sas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*

Actúa como Interventora, *D^a. Marta Oviedo Creo*.

D^a Lara Rodríguez Peña non está presente ata o punto 7, ás 11,15 horas, en que se incorporou á sesión. Están presentes, pois, vinte edís.

De orde do Sr. Presidente, e segundo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación do asunto que conforma a orde do día co seguinte resultado:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO DÍA 24, 26 E 29 DE MAIO.-

O Sr. Secretario: de esta sesión ordinaria de hoxe, día 30 de xuño de 2017 9:00 horas, venres, e a aprobación se procede das actas das sesións anteriores (sesión extraordinaria do día 24, sesión ordinaria do día 26 e do día 29).

D. Antonio Rodríguez Rodríguez:

Bos días a todos, vamos a falar da acta do día 24 de maio, botando un vistazo, é pasable, aínda a redacción podía en si mellorar algo.

Con respecto a do día 26 de maio, algunhas correccións. Na páxina 42, pon cando explicaba o tema Juan José Cruz, pon Ruta da Planta que sería Ruta da Prata, digo eu.

Na intervención do voceiro do partido popular, *Crespo Iglesias*, no último pon: non era xusto acordouse. Non sabemos o que significa esa palabra. A palabra correcta é acordouse.

Na páxina 47, nun rogo polo tema de Marcial Sánchez pon Bois aires, é Bos Aires.

Na páxina 49 cando o Sr. Nicolás toma a presidencia da sesión, pon na segunda pregunta "quita eu chámaos aos ardores" despois segue coa familia molesta.

Explica Nicolás porque foi esa pregunta. O Sr Antonio din que non ven moito a conta.

Pasamos a acta do 29 de maio, na segunda páxina, na cuestión de confianza ao final desa páxina 3 pon comezou o voceiro do partido popular Don Xosé Crespo Iglesias indicando que era a primeira vez na historia de Lalín que viñan os orzamentos a Pleno fora de prazo, a metade do ano, logo pasaba que os botaba a culpa á oposición; está mal escrito sería logo pasaba que nos botaba as culpas á oposición. Esa intervención está recollida cremos que bastante breve, o que vamos a pedir é que esta acta fagan unha redacción nova dela.

Nos imos votar en contra, pero voulle dicir algunhas cousas que considero que debo dicir:

Sigue o *Sr. Crespo* coa súa exposición de motivos na páxina 4 pon o sistema era ese, iso non ten moito sentido (na 5ª liña), a verdade era que había un goberno débil composto por catro formacións, que fagan goberno, reiterou que o orzamentos lles, esta mal escrito sería llos entregaron uns meses despois do ano da data inicial. En canto, a liquidación do 2016, o 0,2% dos gastos en execución, non sabemos de onde sacou esa cifra vostede, non cadra co dito.

Na páxina 9, perdón na páxina 5, na intervención de D. Nicolás “indicou que unha parte dos orzamentos presentados corrían erros do pasado cometidos polo Goberno do PP, como era no caso..

Seguindo coa cuestión de confianza non ía sobre o Alcalde, manifestou o apoio do grupo , manifestou do grupo para saír adiante os orzamentos e manter a folia da ruta que tiña marcada. Había que dicir, que tampouco a eles gustaba a eles como facía a oposición, está mal escrito. Se botaba a fora a cuestión de confianza, non tardasen en votar a moción de censura e propúxose se perdían ou gañasen se fose para a súa casa; iso non está ben.

Na páxina 6 na intervención de Juan José Cruz: “ hoxe había medo na xente non lle delate” , nos lles delate, digo eu. Espionaxe era falso, non sei a que ven iso.

Na cuestión do *Sr. Xosé Crespo*, dado que é un pleno de importancia, a intervención do Sr Crespo recollela literalmente, e non tan condensada. Na páxina 7 na intervención de Francisco Vilariño conduce con X, eles non se poñían como vítimas sen actuar como plañideras. Iso non ten moito sentido.

Por ultimo dicirlle ao Sr. Secretario, que non é o Secretario do Goberno, senón que é o Secretario do Concello. Nesta acta non tivo problema ningún en recoller literalmente as palabras de **Juan José Cruz** e sen embargo, cando o Sr Alcalde insultou a nosa concelleira **Eva Montoto** non recolleu literalmente os insultos que tivo que escoitar a concelleira. Sr Secretario, con todo o respecto: eu creo que se lle ve bastante o plumeiro.

O Sr. Secretario: Pido respecto. Eu non son político; eu son funcionario; a min a lei dinme que teño que facer as actas extractadas e resumidas, e non intento ir para ningún lado, intento facer o meu traballo o máis correcto posible. Paréceme que me esta faltando ao respecto e reiteradamente.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Síntoo que pense iso. Aínda eu discrepo totalmente. Mire, con dicir que nesta acta recolleu literalmente o que dixo *Cruz*, e noutras actas non recolleu o que dixo o Alcalde á Concelleira. Imsos votar en contra de esta acta.

O Sr. Secretario: A acta recolle, eu penso que bastante extractada as opinións de tódolos grupos. Calquera persoa que a lea pode afirmar isto; que haxa algúns erros ou aspectos non hai ningún problema en corríxilos; pero sobre o xeito de facer a acta ou o resume e estratos eu creo que están suficientemente recollidas, e recollen todo o que aquí se dixo, non hai ningunha acta literal pero é case literal. Eu corrixei os erros gramaticais e ortográficos o demais eu penso que non. E dende logo non acepto o que se me ve o plumeiro, eu non teño ningún plumeiro, eu son unha persoa, non un paxaro.

Desde o grupo do PP. **D. Xosé Crespo Iglesias:** Bos días, a todos sen ánimo de polemizar de como se fan as actas ou non, o Secretario ten a habilidade de redactalas como el mellor crea, e o Secretario do concello de Lalín e é un tema que nós non poñemos en cuestión. Agora ben, observamos nestas tres actas que hai un abismo de diferenza entre por exemplo a acta do 24 que é o Pleno dos orzamentos. Esta ben dende o noso punto de visto, e logo está mal a do 26 e está moi mal a do 29; pero hai erros gramaticais, hai erros que non se entenden. Mire, eu quería, porque ademais me estraña que isto fora como pon aquí. Na acta do 26 de maio na páxina 49 a unha pregunta do concelleiro non adscrito pon “pregunta pide que nos axuda a dar luz, se pagaría como cartos b a defensa dos militares catástrofe morreu”. Puido dicir iso Juan José, non sei, pero é cuestión de ver a gravación, porque iso non ten sentido. O problema é que hai frases inconexas, que non teñen ningún sentido, e polo tanto eu creo que a acta do 26 e 29 debe corrixila, redacte vostede como queira, pero o que non é normal e que diga “ pide que nos axuda a dar luz, se pagaría como cartos b a defensa dos militares catástrofe morreu”. Iso non ten explicación, é dicir, ten que ser doutra maneira obviamente ou o mellor puido dicilo así Juan José; pero estrañame. E logo sigo dicindo “ pode ter máis información o Sr Alcalde o seu Sr militares, morreu o noso veciño se ten información ou se non a ten, e D. Nicolás respondeu “iso se o Alcalde ten información coñeceuse que o diñeiro da caixa b de Bárcenas se pagou a defensa dos mellor que o responde o Sr. Crespo ” iso supoño que non será así, senón tes un problema comigo. Eu se o dixeches, dende logo non oín. Señor secretario se lle parece e se o Sr Alcalde quere a acta do 26 e máis a do 29 corrixir as frases inconexas, xa sei que ten pouco persoal, e ademais cónstame, pero hai un abismo de diferenza de redacción da acta do 24 a do 26 e 29, como se a fixera outra persoa. Polo tanto eu sei que se non ten moito tempo, tome o tempo que sexa necesario e traia outra. A do 26 e 29 que se corrixan que e que traia no próximo pleno e a acta do día 24 se aprobe.

Tras deliberación, e por unanimidade dos asistentes acordouse aprobar a acta da sesión extraordinaria do día 24 de maio, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas, e deixar sobre a mesa as actas das sesións ordinaria do día 26 de maio de 2017 e extraordinaria do día 29 de maio de 2017 para a súa revisión.

2. DECRETO DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta polo Sr Alcalde da relacións de decretos que ditou dende a data da anterior sesión plenaria ata a data da convocatoria deste, que foi o martes.

3. EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA. (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA CSE07016).-

Deuse conta deste expediente. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Polo grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares:** Houbo un recurso contractual que fixo unha das empresas aspirantes á que finalmente resulta adxudicataria. Neste expediente iniciado o 26 de maio do 2016, non tivemos noticias de ese recurso contractual ata finais de ano, ao redor de outubro do ano pasado. Ao abrir as ofertas, só había dúas empresas, con ofertas tremendamente similares é unha dificultade para o calculo das melloras bastante sinalable. Decidiuse tamén facer unha sondaxe entre diferentes empresas para saber os prezos exactos de cada unha, do que ofrecía cada unha das empresas, porque algunhas poñían: réximes de compras, réxime de aluguer. Polo tanto, houbo que pedir a tres ortopedias que se dedicaban a surtir estes materiais para poder facer unha avaliación tremendamente obxectiva de cada unha de estas ofertas. Finalmente, despois desa avaliación, que levou bastante tempo, e da reunión de Mesa, resultou adxudicataria a empresa Galaurea por un total de 14 puntos e que respectaba totalmente o que decide a Mesa de Contratación. Onte pasáronvos un informe técnico. Un informe que solicitamos de cara a este Pleno, para que tiverades a máxima información posible. Trata do proceso do contrato e da responsabilidade que ten neste Pleno. Este informe deixa moi claro cales son as derivadas do voto, é dicir, non podemos votar sen pensar. Para votar habería que estar motivado, se houbera algunha irregularidade. É un contrato que debemos adxudicalo xa, para que empece a funcionar coas melloras que oferta esta empresa, pero tamén coas melloras que son de cara aos traballadores. As empresas adxudicatarias deben de respectar o marco legal establecido dándolle máis seguridade laboral.

Polo PP. **Dª Paz Pérez Asorey:** Vamos a dar a benvinda a este contrato. Que triste é escoitar ao Concelleiro os argumentos que vostede argumenta para xustificar a súa mala xestión, o seu mal funcionamento, ou a súa falta de responsabilidade da que tanto lle gusta sacar bandeira no eido do benestar. É triste de verdade. E neste goberno que teña este tempo para traer este contrato!

Este contrato teriamos que estalo a debater, como xa noutras ocasións mencionamos, hai exactamente un ano; sería o propicio para estar neste debate. Pero que vostede argumente traer este expediente a este Pleno, alegando o recurso contractual que presentou a empresa, dende logo non ten xustificación algunha, e dende logo non llo imos a permitir. Nós ante este contrato temos moitísimas dúbidas. Non temos dúbidas algunhas sobre a empresa que vai resultar adxudicataria e a deste servizo, porque traballamos con ela cando gobernábamos e dende logo a vostede se lle encheu a boca desprestixiando a esta empresa. Dende logo adxudícase a esta empresa, porque non lle queda outra neste momento. É unha auténtica chapuza. É un exemplo do mal que funciona este goberno e esta Concellería concretamente. Dende logo, que lle achaque ao recurso a demora nesta adxudicación é un despropósito. Tamén alega obxectividade que fixo na sondaxe de empresas. Xa vemos, e agradecémolo, por dicir algo. Que vostede onte a última hora nos presente este informe técnico é porque está asfixiado, concelleiro.

Ese informe ven a raíz do que nós fixemos nas comisións informativas sobre a contratación do subministro eléctrico. Vostede é moi ávido; claro que o é. En iso si que hai que aplaudir. Teña esa mesma rapidez e ese mesmo compromiso coa súa Concellería e coas súas concellerías, non soamente coa de Benestar. A verdade, sorpréndenos e vemos o interese que teñen vostedes polo comercio local, cando podemos ver neste informe que vostede pide orzamento a tres ortopedias (*unha de Lalín, outra de Ourense e outra de Santiago de Compostela*). Moi ben Concelleiro e o seu grupo de goberno: aí esta o seu interese polo comercio local. Sen ir moi lonxe, no

termo municipal de Lalín existe máis dunha ortopedia; pero xa non soamente no termo municipal de Lalín, na comarca do Deza tamén hai máis ortopedias.

Despois de este paréntese, importantísimo, voume centrar na cuestión da adxudicación. Mire: que vostede diga que lle interesan as melloras das traballadoras, pode ser certo. Vámolo ver. De principio xa temos esa cuestión, esa aplicación da xestión a través dunha aplicación web para o servizo de axuda no fogar. É interesante que este Concello teña unha lista de espera, que sempre achaca. E éncheselle a boca de dicir o importe tan elevado que ten este Concello para axuda no fogar; implíquense na parte que lle corresponde a vostedes.

Dende logo, esta adxudicación cun importe de 1.206,82 € si que lle daría para unhas cantas horas, é mesmo tamén lle daría para unhas cantas horas o custe mensual de este servizo. Servizo, no que xa lle dicimos que estaremos vixiantes, porque desde logo que vostedes queiran implantar un control de presenza as traballadoras, a unhas traballadoras que non pertencen ao Concello, xa lle augura os resultados que traerán. A unhas traballadoras que non teñen vinculación algunha con este Concello. Vostede vai querer controlalas: paréceme ben pero non o comparto.

Xa lle adiantamos que á mínima desconfianza, pediremos explicacións. Xa sabemos que a vostede non lle gusta dar ningunha explicación e as explicacións que da sempre van por onde menos interesan. Vai ter que dar nesta sala moitas explicacións do funcionamento deste servizo. Xa llo avisamos, para que logo non diga que o que avisa é traidor. Por iso, é o que lle dicimos: póñase as pilas, porque a xestión deste servizo non vai ser chapuceira. Este é un servizo, pola contía, dos máis importantes do Concello e a quen vai destinado ao máis importante e prioritario de todo, dentro do ámbito de servizos sociais, cousa que vostede debería saber; pero nin a sabe, nin a practica. Isto é un exemplo máis da falta de responsabilidade de coherencia que ten na súa Concellería.

O traballo da empresa é impecable e o noso voto vai ser un voto de abstención que lle permita sacar adiante o concurso, porque non queremos que se siga parando, para que se siga mantendo a persoas que dificilmente lles custa vivir na súa casa, como ten que ser, como ten que ofrecer o servizo público axeitados para que poidan permanecer no seu entorno. Vamos facilitarlle que saquen o concurso, pero insistimos en que temos moitas as dúbidas en como se levou, de como retrasou e de todo o contido destes meses e de que foron demorando e de que é achacable á empresa.

D. Nicolás González Casares: Houbo un recurso que paralizou esta adxudicación durante cinco meses e iso é innegable; están aí os papeis. Iso de traer aquí, porque non lle queda outra. Eu dígolle as empresas que se presentan e as que elixe a mesa de contratación en función das puntuacións; nin máis nin menos. Eu non teño a costume de meterme nas adxudicacións. E si, estiven na Mesa do SAF, porque creo que é a miña responsabilidade. Non sei se vostedes estiveron nas anteriores mesas do SAF. Pero eu estiven nesta mesa do SAF e busquei a escrupulosidade. E teño que dicirlle tamén que dentro de esa Mesa de Contratación, abstívenme practicamente en todas as ocasións de decisión, para non menoscabar as labores técnicas. Pero dígolle máis, vostede fala do comercio local. Non sei a que ven falar do comercio local?. Compramos algo?, pedímoslle orzamento? Estamos pedindo orzamentos en distintos puntos de Galicia para saber os prezos. Se nos quedamos só en Lalín, non o saberíamos. Buscamos unha media de Galicia, por iso pedimos en Lalín, en Santiago e en Ourense. Nós non lle compramos nada a ninguén; serán as empresas as que decidan comprar onde lles pete. É dicir, que maneira de embarrar o campo, dicindo que non se respecta o comercio local. Nós o que facemos é pedir

orxamentos para facer unha media aritmética de diferentes lugares de Galicia e obter o resultado máis xusto; igual eu non entendo o que é a xustiza social. Nós non compramos nada. O material cómprano as empresas. Non sei se vostede antes lle dicía ás empresas onde tiñan que comprar o material, iso si que non forma parte do que ten que facer este Concelleiro, nin o Concello.

Parece que lle molesta que poñamos un control de xestión web dun servizo de xestión externa municipal. Ó único que facemos é poñer un servizo de control, de tal maneira que así sabemos practicamente en tempo real como esta a lista de espera. Se se está atendendo a novos dependentes, que día se atende aos dependentes; simplemente faise a través dun control web. Non queremos saber onde está a auxiliar; o que queremos saber e se a empresa cumpre ou non cumpre, porque un dos problemas que ten este Concello moi reiterado en moitos dos contratos é que non ten bos sistemas para garantir a execución dos contratos e hoxe en día existen ferramentas que o permiten. A aplicación web é unha desas ferramentas, e ogallá cando vostedes sacaron o prego do lixo, que non foi hai moito, tiveran xeolocalizados os contedores e con chips para saber exactamente a que hora pasaban a recoller o contedor, que non o tiveron.

Se houbera control web, xa o saberíamos. Ogallá non dera auga e que desde hai moitos anos poderamos ver canto consume o Concello, o Lalín Arena, e dicirme que temos un bo control da execución dos contratos, porque é primordial sobre todo para saber se as empresas cumpren ou non cumpren; tamén para a saúde económica deste Concello e para adaptarse aos tempos. Con esa ferramenta pode ver dende o seu posto de traballo como está funcionando e xestionado ese servizo. E dígolle máis: 1.200 € para a ferramenta de execución dun contrato non é moito, asegúrollo. E ogallá podamos poñer máis coma esta en funcionamento, porque hai que adaptar este Concello aos tempos.

Fala vostede de que atendamos á libre concorrència. Oían: se non hai mais actas de libre concorrència é culpa vostedes, que non aprobaron os orxamentos, porque nos orxamentos vai unha suba de libre concorrència e demoraron todo o posible a aprobación dos orxamentos.

Por último dicirlle que entendo que non voten a favor. O proceso foi longo, pero evitamos en todo momento dende a Mesa de Contratación calquera recurso e que houbera unha adxudicación fallida. Fomos excesivamente escrupulosos; pero como é un proceso que non se interrompe, no proceso de licitación permitiunos facer as cousas con máis calma e iso é algo que se debe valorar. Entendo que non vote favor, pero non pode votar en contra. Por tanto a saída que lle queda é a abstención.

Se fixemos este informe é precisamente motivado para que haxa máis luz, para que vostedes poidan ter máis elementos de xuízo e saber ao que se expoñen de cara o voto. Votar en contra desta adxudicación pode ter responsabilidades, polo tanto creo que o informe non lle fai dano a ninguen

D^a Paz Pérez Asorey: Xa vemos que a xustificación que da é coma a de sempre: quere embarralo, ameazas.... Non dixo ameazas, pero non fai falta dicirllo para interpretalo. Vostedes seguen na súa leira de querer xustificar a demora por terceiros e non por falta do seu compromiso; siga así. A advertencia non é a mesma. Nós vamos estar vixiantes neste servizo. *Vostede achaque á lista de espera polo orzamento!* É así, claramente; pero a min dáme a risa, porque iso era previsible; non xustifique o que non é xustificable. Parece o máis correcto, porque iso é a súa responsabilidade: de ser vixiantes e comprobar que os servizos se prestan coa mellor calidade económica. Pero iso non é motivo para implantar esta aplicación web. Xa o

veremos.

O tema das empresas. Claro está que non lle pediron a compra. Pero pedirlle os orzamentos e máis que suficiente para o interese que mostra polas empresas que están aquí no Concello.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vexo que non lle chegou co zasca do Tenente Alcalde. Están vendo un prezo medio, nada máis.

Dª Paz Pérez Asorey: O zasca é que unha empresa é de Lalín, outra de Santiago de Compostela e outra de Ourense.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E que non compraron material a ningunha empresa que non sexa de Lalín

Dª Paz Pérez Asorey: Estou falando de empresa, non de material nin orzamento. Este servizo de axuda no fogar, como dixeran antes, é un dos prioritarios dentro do ámbito de servizos sociais, e ten que prestar nas mellores condicións, porque hai moitos usuarios que están esperando.

D. Juan José Cruz García: O informe ven mal ordenado, é ilexible, saltan os folios dun lado para outro e hai que buscar pola parte de atrás para que sexa conexas. Non sei se no voso pasa isto. Por exemplo na páxina 6-11 acaba dicindo: clarificar as proposicións presentadas e requirirille á empresa Galaurea S.L e pasa a licitador. Se das a volta a seguinte páxina, enténdese que o texto é o procedemento. Entón non está ben ordenado

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: o que vexo neste debate, antes da votación, e que a concelleira ven dicir que non apoiamos aos comercios locais, cando o acabamos de demostrar que se está buscando un prezo, e quen compra é a empresa. Entendo que é un debate político.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) sendo nove (9) do grupo de goberno e un (1) concelleiro non adscrito

Votos en contra: ningún

Abstencións: dez (10) sendo do PP.

Xa que logo, aprobouse o expediente, adoptándose o seguinte acordo:

Visto o expediente de contratación denominado “SERVICIOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOA EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)” (CSE072016), tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, aprobado por acordo do Pleno da Corporación de 26 de maio de 2016.

Con data de 11 de novembro de 2017 constituíuse a Mesa de Contratación

para a adxudicación do expediente de contratación enriba referenciado, procedendo á cualificación da declaración responsable contida no SOBRE NÚM 1. Posteriormente, na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2017, previa declaración das ofertas admitidas e inadmitidas, procedeuse á apertura dos SOBRES NÚMERO 2: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DEMAIS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

1º PROPOSICIÓN NÚMERO 2: Presentada por GALAUREA S.L con CIF. núm. B-36494458 (RXE núm. 5846 de 5 de xullo de 2016).

2º PROPOSICIÓN NÚMERO 1: Presentada por SERVIZOS SOCIAIS A CIMUNIDADE S.L., con CIF. núm. B-94078524 (RXE núm. 5614 de 28 de xuño de 2016).

Xa que logo, a puntuación obtida por cada unha das empresa foi a seguinte:

Servizos sociais comunidade S.L puntuación total 85,5 puntos e Galaurea S.L puntuación total 99 puntos.

Considerando que na tramitación do expediente se cumpriron os prazos e que o licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa achegou a documentación que para os efectos da adxudicación se establecen no artigo 151. 2 do TRLCSP.

O Pleno da Corporación que ACORDOU:

1.- Adxudicarlle o expediente de contratación denominado “**SERVIZOS DE ATENCIÓN SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOA EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)**” (CSE072016) á empresa **GALAUREA S.L.**, CON CIF núm. B-36494458, por un **importe máximo anual de 559.410,83€ (IVE incluído)**, polos prezos unitarios que se especifican na parte expositiva deste acordo e un prazo de execución de 2 anos prorrogables por outros 2 anos máis por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen este licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 11 de novembro e 20 de decembro de 2017.

2.- Notificarlle o presente acordo aos licitadores, así como ao adxudicatario, para que proceda a asinar o correspondente contrato, facultando ao Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, no seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

Consonte co establecido no artigo 151 e 156.3 do TRLCSP a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

4. EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DE CONTRATO ADMINISTRATIVO DE

SUBMINISTRACIÓN ENERGÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS E INSTALACIÓN S E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN.

Deuse conta deste expediente. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Desde o grupo de goberno, **D^a. Teresa Varela Fisteus**: Trátase de prorrogar o contrato por un ano. Esta prórroga xa estaba prevista cando se firmou o contrato coa empresa subministradora. Foi a Pleno pola contía pola que se estaba contratando, é dicir, ten competencia o Pleno; entón xa veu aquí.

Este expediente que foi ás comisións, xa viña con informe da técnica de contratación. Dísenos que non existe ata a data ningún expediente sancionador na execución do contrato. Pediron un informe. É certo, foi nas comisións informativas; se ben non foron capaces de concretar que querían no informe.

Pediuse a técnica de contratación que fixera un informe a maiores. Non sei se ese era o informe que querían, porque o outro informe sería pedir unha auditoría externa. É dicir, non hai ningún técnico na casa, salvo a técnica de contratación que poida facer ese informe. Entón ampliouse. Facilitase un novo informe da técnica.

Neste novo informe establécense os prexuízos de non aprobalo, que xa estaban previstos nos pregos deste Pleno. Entre eles cabe sinalar que aprobala suporía aforrar uns cartos en tramitación. Este proceso conlevaría a redacción dun novo contrato e por tanto uns custes a maiores. É dicir, para as cláusulas técnicas non hai ningún técnico da casa que poida informar sobre enerxía eléctrica. Entón habería que contratar como se fixo para o anterior, pedir que nos redacten o que son as cláusulas técnicas do contrato, co cal non aprobando a prórroga, estaríamos gañando, senón que estaríamos prexudicando os intereses deste concello.

Tamén dicir, que a empresa que está no momento actual contratada presentou a súa solicitude de prórroga o 2 de xuño de 2017. Este é o primeiro Pleno que temos dende a data. Por iso ven aquí ao Pleno. Si non saíra aprobado, non habería tempo material para poder facer un novo procedemento de contratación, porque habería que publicalo e redactalo, co cal estaríamos falando de tres meses, e en setembro remata este contrato que está actualmente vixente e quedaría o Concello nunha situación irregular. Antes non facía falta a contratación, porque só había unha subministradora de enerxía eléctrica; agora liberouse o mercado e temos varias subministradoras e si se dan os requisitos para poder licitalos; ademais obríganos tanto a normativa vixente como a xurisprudencia. Da exposición, vedes que é moito máis beneficioso prorrogar este contrato; tamén é beneficioso para o Concello. Creouse unha axilidade importante no departamento de Intervención, xa que antes viñan 300 facturas que había que tramitar de maneira individual, levar unha redacción á Xunta de Goberno, e agora faise só unha factura que se presenta cun anexo de *excel*, onde se detallan por contador os consumos. Eu creo que é un prego que saíu ben e, ademais, a empresa adxudicataria reduciu o marxe de beneficio.

D. Nicolás González Casares: os concelleiros da oposición teñen acceso a xestión, Sr. Secretario, asineille preguntas a eles, e resulta que os concelleiros non poden acceder a xestión. Habería que habilitalo.

O Sr. Secretario: Non se me deu ningún informe

Polo PP. **D. José Antonio Rodríguez Fernández:** Nós, o informe témolo na plataforma e entregárono en man, cousa que agradecemos. Solicitamos que este expediente tiña que vir acompañado dun informe técnico, porque é algo que se escapa dos coñecementos sobre o que estamos tratando de solventar neste Pleno. É certo o que di vostede: que a concesionaria Gas Natural solicita a prórroga deste contrato. Nós o que observamos é que si hai unha certa vantaxe administrativa para o Concello de Lalín no feito dunha facturación única; estamos totalmente de acordo.

O informe que lle pedíamos ía na liña non tanto a nivel administrativo. Non hai outra saída polos tempos de publicación. Se se quixese non prorrogar e iniciar un novo procedemento, non daría tempo. Nós o que queríamos era un informe económico para ter datos fieis do que significa a contratación única a nivel económico, xa que a nivel administrativo temos claro que é beneficioso para o Concello ao falar dun contrato que ten un tope máximo de 900.000 €.

O que queríamos ver, era:

- 1) Se a empresa chegou a ese tope á hora de facturalo.
- 2) Ver canto era o consumo para ver se era beneficioso ou non a nivel económico, xa que a nivel administrativo non o pon en dúbida. Explicou vostede que é necesario unha auditoría. Ás veces, non tería máis problema se o resultado fose rentable. Nós non nos vamos a opoñer a que vostedes lle dean para diante a esta solicitude da empresa. Consideramos que é a única vía que hai. Como di o informe da técnica: entraríamos nunha situación irregular. Se este Pleno votase en contra, non daría tempo a que o trinta de setembro estea en funcionamento ese novo procedemento. Nós non imos opoñernos e o sentido do voto vai a ser unha abstención neste tema.

D^a. Teresa Varela Fisteus: A nivel económico, dicir que non podes comparar un mes con outro, porque o prezo da enerxía é flutuante; o que tes é que esta empresa é a que reduciu o seu marxe de beneficio.

A Sr^a. Interventora: Sé que este contrato os xera moitas dúbidas. O prezo máximo é 900.000 €. Remata o 30 de setembro, co cal será ao terminar este ano cando podamos dar os consumos reais e a facturación emitida; despois, se queredes facer unha auditoría, é unha cuestión que deberedes tomar.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do grupo de goberno e un (1) do concelleiro non adscrito

Votos en contra: ningún

Abstencións: dez (10) sendo do PP.

Xa que logo, aprobouse a proposta, e adoptouse o seguinte acordo.

Con data de 25 de agosto de 2016 formalizouse o contrato administrativo denominado “ SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE

MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN” (CSU022016).

Consonte co establecido na cláusula terceira do contrato administrativo:

Terceira: A duración do presente contrato será dun (1) ano, prorrogable por outro (1) ano máis, tal e como se establece na cláusula 1 e apartado I) do Anexo / (Cadro de características do contrato). En todo caso, o prazo de execución do contrato comezará unha vez finalizado o período dun mes establecido na cláusula 3 do PPT, para a migración dos subministros ao adxudicatario.

Xa que logo, este contrato entrará en vigor o día 1 de setembro do 2016, iniciándose o prazo de execución do mes o día 1 de outubro de 2016 e remata o día 30 de setembro de 2017.

(..)

Con data de 2 de xuño de 2017 (RXE núm. 3628) a empresa GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. presentou un escrito solicitando a concesión da prórroga enriba descrita.

Xa que logo, tendo en consideración que non consta a existencia de incidencias na execución do contrato, nin a incoación de expedientes sancionadores.

Xa que logo, o **Pleno ACORDOU:**

Primeiro.- Prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista **GAS NATURAL SERVICIOS, S.G.D, S.A con CIF. núm. A-08431090** o contrato administrativo denominado “ **SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN” (CSU022016)**. Esta prórroga terá unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, estenderase desde o día 1 de outubro de 2017 ata o día 30 de setembro de 2018.

Segundo.- Notificarlle o presente acordo ao contratista.

5. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A CONSTRUCCIÓN DO CAR.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 21 de xuño de 2017 co número de rexistro de entrada 4390. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Polo grupo de Goberno. **D. Nicolás González Casares:** Neste último mes que debatemos sobre o CAR houbo novidades que foron moi negativas para o interese do Concello de Lalín. Sabíamos a través dunha pregunta parlamentaria realizada polo BNG e respondida polo numero 3, 4 o 5 da Consellería, que o CAR non era unha prioridade para a Consellería de Sanidade e que non tiñan, polo que deixaban ver

polas súas palabras, ningunha intención de levarse a cabo pola Xunta de Galicia.

Para nós neste Pleno, que temos votado tantas veces a favor do CAR, que temos votado por unanimidade e que temos conseguido os terreos, que hai firmado un convenio, que hai firmado un protocolo, que hai todo tipo de documentos a favor de facer o CAR, e atoparnos con esta negativa e esta ruptura absoluta de compromiso por parte da Xunta de Galicia!. A Xunta de Galicia veu dicir que o CAR non lle interesa para que o Concello de Lalín se vexa danado.

No ano 2015 pouco antes das eleccións municipais, ten unha retahíla de fotos do *Sr Crespo*. Fíxose fotos con todos; firmou convenios, protocolos e agora ven o numero 4 da Conselleira de Sanidade e que diga que todo o falado con vostede non serve absolutamente para nada. Evidentemente ten que ser frustrante.

Estes días debateuse moito, sobre se vostedes sabían ou non. Eu estou convencido de que non o sabía. O que si o sabía debía estar moi avergonzado e non se atrevía a dicir nada. Vostedes fixeron unha xestión ben feita, que era poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos para a construción do CAR, pero esta claro que os seus están fallando; non sei se lle están fallando a vostedes ou ao pobo de Lalín

A min gustoume moito este titular que atopei na prensa: "Sanidade se compromete co PP de Lalín a mellorar servizos e a reactivar o CAR", pois se debeu comprometer co PP de Lalín; pero cos veciños non se compromete, senón que os maltrata. Vostede di unha cousa e a Consellería en sede parlamentaria di outra absolutamente contraria: ¿Con quen nos quedamos? ¿Coa súa palabra, que nalgúnhas veces ten peso, hai que recoñecelo? ¿ou con a outra?.

A sanidade é un obxectivo de calidade para todos nós, os veciños de Lalín. A maioría opta por unha sanidade pública, e non creo que haxa ningún veciño desinteresado por este tema, e sobre todo vendo que o noso Ambulatorio non crece nin ten espazo para crecer.

Cando no ano 2009 dicía queremos máis terreo, dicía que comprara no Alto de Vales, que asinara un convenio para facelo no Alto de Vales. Os veciños de Lalín queren a verdade. Aquí houbo unha reunión co Conselleiro de Sanidade. Comprometeuse a recibir ao Concello de Lalín dous meses máis tarde, ao Alcalde. Non sabemos nada del. Démoslle dous meses de gracia, porque, aparte houbo eleccións; seguiu o mesmo conselleiro. Entón o Alcalde pediu unha reunión con ese Conselleiro, e caso omiso; pasaron os meses e máis correos e cartas para xestionar unha reunión coa consellería, e nada. Non se pode xestionar cando o outro non quere.

A negativa da Xunta de Galicia a negociar co Concello de Lalín, o dano que esta facendo a Xunta de Galicia en non investir en Lalín non se llo fai ao Concello, senón aos seus veciños. Non hai máis que ver que dispoñemos de terreos para o CAR, pero o CAR non se fai; dispoñemos de terreos para facer o edificio no mesmo lugar e estamos a buscar alugueres. Con esta historia levamos moitos anos e non se adiantou case nada. Eu quéroo, de verdade. Que de aquí salga compromiso de tódolos grupos políticos, sobre todo do PP, e que sobre todo lle esixa á Xunta de Galicia que isto ten que ser así.

Nesta moción que presentamos hai unha solicitude de reunións co Conselleiro, pero tamén, se é posible, que asista o Presidente da Xunta, porque vale, veu o 3º ou 4º da Consellería á sede parlamentaria, para ver que din os verdadeiros responsables que son o Conselleiro de Sanidade e o Presidente da Xunta. Eu estou convencido de que van votar a favor desta moción, non teño a máis mínima dúbida; pero gustaríame que o seu compromiso fora un pouco máis alá e se aclarara a súa posición (da Xunta de Galicia e do PP co CAR).

O Edil non adscrito. **D. Juan José Cruz García:** Obviamente vou ser coherente co meu voto. Sempre apoiei esta petición e unicamente dicir que xa aburre que se traian estas mocións a Pleno. Creo que poderíalo evitar ou dirixirse directamente e formalmente á Xunta para facelo; e tampouco pido estar nesas reunións, porque considero que o grupo de goberno esta capacitado

Do P.P. **D. Xosé Crespo Iglesias:** Déixense de lerias e xestionen con responsabilidade. Paréceme moi ben que neste Pleno queira poñerme deberes a min, pero nós poñemos os deberes ao goberno; o goberno son vostedes. Vostedes son os que teñen a responsabilidade da xestión; a oposición a responsabilidade de fiscalizar a labor do grupo de goberno. Esa é a norma e é o normal, e así está recollido.

Mire, frustrante para min non é o tema do CAR. Nós fixemos os deberes, ben feitos, por certo. ¿Que fomos mudando sobre a nosa pretensión inicial? Si, recoñéceo; pero iso é o que se coñece por sana evolución ou, ¿acaso cando nós firmamos o convenio e primeiro tivemos a primeira negociación co goberno bipartito, non mudamos xa nosa pretensión inicial? Si, claro, porque había dúas opcións: ou facer o CAR ou non facer nada. Vostede coñece un refrán galego “A falta de pan faragullas van” Nós tiveramos a pretensión dun hospital comarcal e mudámola a favor do CAR, porque sabíamos que non tiñamos ningunha opción de facer o hospital comarcal, e iso é coherencia e responsabilidade. Polo tanto, mire, durante o mandato do Partido Popular unhas cousas se conseguiron e outras non; non se conseguiu o 100% das cousas que pretendemos. Mire: desde que nós puxemos os terreos a disposición para o CAR, pasaron dous anos gobernando nós, e non o fixeron, a pesar de que no ano 2010 houbo unha partida de máis de 10.000.000 € da Xunta. ¿Sabe por que non o fixeron? Porque estamos en plena crise económica. E a min, aínda, que non me gustara, non tiveron máis remedio que aceptalo. O que lle digo é que xestionando en positivo se poden gañar cousas; se non xestionamos, non se consegue nada, porque mire a maioría dos convenios firmeinos coa Xunta bipartita, máis que co PP. Ensíneme vostede o que firmou coa Xunta ou coa Deputación. Nós firmamos un cento de cousas; unhas fixéronse e outras non. É dicir, houbo negociación política; houbo negociación con maiúscula e algunhas cousas como o CAR non se conseguiron, pero non foi por culpa do goberno, porque nós si que fixemos os deberes. Mire, durante o tempo que nós gobernamos correspondente ao CAR, teño nun breve cadro do que nós fixemos:

1) Múltiples reunións cos tres últimos concelleiros (Almuiñas, Rocío Mosquera Alfárjas e tamén María José Rubio, que foi con quen empezamos falando de este tema).

2) Sinatura dun convenio coa consellería despois dunha negociación intensa e complicada.

3) Consecución dos terreos. Consequímolos, que iso é difícil. Conseguii unha cantidade de metros cadrados impresionantes, a nós non nos pedían ese terreo, pero nós queríamos que o CAR albergara no seu xeo, tanto o que era o CAR propiamente dito, como o que era o centro (ambulatorio) para non ter dous. Conseguiuse ter un protocolo, para aí ter un centro máis grande.

Polo tanto, eu creo que nós pola nosa parte, do PP do Concello de Lalín, que era a nosa responsabilidade, fixemos os deberes ben feitos; eu non son quen de defender a outros. A Xunta terá que defenderse ela; as súas razóns terá. No seu momento, cando puxemos os terreos a disposición, Rocío Mosquera, que era a

Conselleira daquela, raro era o mes que non falara un par de veces con ela polo CAR. Agora estamos en plena crise; (daquela era) tremendamente complicada e polo tanto había unha falta de recursos na Xunta impresionante que era o que me dicían sempre; non me dicían nin que si nin que non; só que cando haxa recursos económicos que si; mentres que non podían e que non me podían enganar. Pero eu asegúrolles que aínda dicíndome iso, ao mes seguinte volvía a falar coa Conselleira. A min paréceme moi ben que vostede queira poñerme a min ou a o meu grupo deberes. Non se preocupe. Para esas cousas poden contar comigo. Non lle digo que non, pero os deberes quero poñelos eu a vostedes. Vostedes son os que teñen a responsabilidade de facer xestión neste Concello: Para iso os puxo aí o pobo de Lalín, aínda que nós non estiveramos de acordo con algunhas cousas, entendemos que a Sanidade non lle queda máis remedio que facer un centro en Lalín. Nós a nosa parte fixémosla e hai un convenio firmado e á Xunta non lle queda máis remedio que cumprilo. Polo tanto, mire, o resumo do resumo, tres cousas: nós fixemos os deberes, ben feitos por certo; se houbera que poñer nota teríamos unha nota alta. Agora tócalle a vostedes e teñen o noso apoio; pero tócalles a vostedes non a nós. Agora ben, nós levaríamos outra estratexia coa Xunta, tamén non lla oculto. Se a vostedes lles gusta esa, alá vostedes. Non lle digo máis nada. Ao mellor non teño razón, pero ao mellor a teño e esas tres son as razóns que lles digo: fixemos os deberes; tócalle a vostedes e teñen o noso apoio nese punto en concreto.

E a estratexia: miren se é a acertada. Non o sei. Eu firmei moitos convenios con xente doutros partidos e hai que fiar moi fino para firmar. Eu creo que en máis dunha ocasión, a nivel persoal lle dixen a vostede algunhas consecucións que fixen co PSOE, como o fixen e non o enganei, prométollo por a miña conciencia e honor que si foi así. Para conseguir cousas cos dunha mesma cor da traballo, pero dende logo para conseguir cousas cos doutra cor política, hai que fiar moi fino, porque claro vostede póñanse no caso do Conselleiro: para negociar unhas cousas non hai que meterlle o dedo nun ollo; hai que sentarse e dicirlle vamos a arranxar isto. Por tanto, Sr. Tenente Alcalde: nós vamos a votar a favor. Xa o dixemos. Traia as iniciativas que lles dea a gana. Nós vamos a votar a favor. Agora ben: eu creo que o que adoce neste caso, que é dun tacto negociador para intentar resolver o problema. A Xunta ten que facer aí un gran centro, non lle queda outra, porque iso foron as condicións que nos puxeron tanto os de PSOE como logo co PP. O noso traballo está feito esta a pelota no tellado da Xunta.

D. Nicolás González Casares: Sr. Crespo entendo que, cando interesa, este goberno é o que ten que xestionar; pero, cando queremos, pedimos reunións co Conselleiro, nos reunimos alí e anunciamos melloras

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero iso é política, Nicolás.

D. Nicolás González Casares: Ti que falas de cariño, metíalles cartas no cu para falar destas cousas; tes que lembralo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Metíalle cartas; unha delas diante das vosas narices. Eu metíalles cartas a *Touriño* diante de vostedes, cando se inaugurou a autovía

D. Nicolás González Casares: Pero mire: Hai unha cousiña que nos estamos esquecendo: con este Conselleiro, o titular, reuniuse o Alcalde e estaba eu alí

presente, e quedamos aos dous meses. E foi el que non dixo de reunirmos aos dous meses. Houbo unhas eleccións autonómicas. Nós non lle metemos o dedo no ollo a ninguén; é o propio Conselleiro o que queda en volver a chamarnos. Quen esta incumprindo é o conselleiro e deixamos pasar as eleccións e deixamos pasar uns meses e non fixo absolutamente nada. E non queira botar neste Concello a responsabilidade do CAR. É responsabilidade da Consellería de Sanidade, da Xunta de Galicia, que ten asinados acordos co Concello de Lalín; nin máis nin menos. Entre xente sería xa non sería necesario este tipo de mocións, porque o compromiso está asinado e os terreos están a disposición. Se os políticos que gobernan a Xunta de Galicia por parte do Partido Popular foran xente sería, non lle facían este feo ao Concello de Lalín, porque é evidente que está todo asinado. Están sendo absolutamente xordos cos intereses dos veciños de Lalín e a responsabilidade é deles. Cando hai un contrato firmado, porque un convenio ven sendo algo como un contrato, non habería que estar continuamente pedindo que o cumpran, e estamos reclamándoo continuamente; pero os deberes están alá, non aquí. Os deberes están na Xunta de Galicia do *Sr. Nuñez Feijoo*, non no Concello de Lalín. O Concello de Lalín, como vostede dixo, cumpriu os seus deberes e ben feito. Recoñezo que están ben conseguidos aqueles terreos; pero a outra parte que ten que cumprir, non está cumprindo, e este goberno actuou con moito tacto; pero que a día de hoxe non temos moi aclarado que van facer ou o que non.

Sobre a súa intervención. Di: necesitamos un gran centro; pero xa non di a palabra CAR (Centro de Alta Resolución); xa empeza cos seus eufemismos dos seus compañeiros de Madrid cando chaman as cousas por outro nome, tratando de situar o debate noutros marcos. Diga Centro de Alta Resolución e que estea o centro (Ambulatorio) si é posible. Non di CAR, porque ao mellor e que non vai haber especialidades. Xa vexo que esta agochando ou rebaixando o seu nivel de esixencia cara á Xunta de Galicia; e dende logo iso nós non o imos permitir. Queremos un centro para o futuro.

Polo BNG. **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**: É un debate de trileiros, e non o digo por vostedes; xogan cunhas cartas xa marcadas. ¿Quen xoga con trampas? Este é o papel político que ten a Xunta de Galicia. Este Concello ten un dos conflitos máis importantes da súa historia co tema da sanidade. Aquí hai un convenio e punto. Hai unha parte que cumpriu e outra que non. Este tema é así de doado. Aquí só hai unha parte que ten que cumprir e non lle metemos o dedo no ollo a ninguén. Unha parte cumpriu e a outra leva máis de 10 anos mentindo, empregando este tema en termos políticos. Aquí hai dúas opcións respecto a vostedes:

- 1) Que non superan nada.
- 2) Que superan e calasen.

Calquera das dúas déixaos quedar bastante mal. Eu creo na primeira, como o Tenente Alcalde: que vostedes non sabían nada; pero vostedes tamén teñen que ter un papel non só testemuñal de votar a favor das iniciativas que se presenten, senón un papel activo de mediar para que isto sexa unha realidade, porque ademais vostedes coñecen, coma nós, que como deixásemos pasar este tren, non o volvemos a ter no noso Concello.

Eu non dubido, porque ademais coñezo da súa capacidade negociadora con outras administracións, pero hai unha parte importante que vostede obvia: para sentarse a negociar, as dúas partes teñen que querer e ter esa vontade. Vostede negociou con outras administracións distintas da cor política de vostede, porque tamén elas querían sentarse con vostede; sentáronse, e non facer gala dun sectarismo como está facendo

neste momento a Xunta. Quero resaltar que o voso argumento de que metemos o dedo no ollo, de que hai que xestionar, é baladí; e mire vostede: se este goberno se negara a sentarse con alguén, podería darlle a razón, pero eu creo todo o contrario. Se quere falamos do CAR, do Centro de Día, Parcelaria ... falamos dun montón de cousas que a apisoadora da Xunta de Galicia negoulle e este goberno. Negándolle a este Concello cousas todas elas asinadas e publicadas que non chegan a concretarse, senón todo o contrario. E a ver agora se descubrimos nestes días que queren facer, porque claro quedaron tan desenmascarados que agora din que a partir de isto despois de 10 anos están vindo o que fixeron: mentir. E vostedes o que teñen que dicir é que o fagan e aquí non cabe outro debate. Unha cuestión que para nós é fundamental. Nós temos claro que hai que defender os intereses xerais dos veciños de Lalín, é dicir, poñerse ao seu carón e o PP está actuando en contra dos intereses. Por certo: ¿Como un Conselleiro do Concello de Lalín que se encheu a boca pedindo o CAR, cansouse de saír en fotos, e resulta que agora non abre a boca neste tema? Nós entendemos que esta persoa ten un papel. Nós entendemos que se non se ten unha resposta, ten que derivar necesariamente nunha contestación social forte e contundente, que dende logo faga mudar a posición política de denegarlle ao noso Concello esta sanidade de calidade e pública para os nosos veciños. Polo tanto, vostedes mesmos terán que situarse nun lado ou noutro; non queiran xustificar o que a vostedes lle custou. Saben cal é a realidade e o que hai que facer neste momento: que a parte que non cumpriu o convenio, a cumpra.

D. Juan José Cruz García: Nada

D. Xosé Crespo Iglesias: No fío do que lles contei, pouco me queda por engadir. Mire Sr. Vilariño, “cada pau ten que aguantar a súa vela”. Polo tanto a Xunta de Galicia ten que aguantar a súa vela e o Concello de Lalín a súa vela: Nin máis nin menos; pero iso sempre foi así. Non é que sexa agora. Eu o que lles digo é que para negociar hai que botarlle imaxinación e ter un pouco de man esquerda. Ao mellor estou equivocado, e eu non pretendo ser un mestre na negociación e gracias por recoñecerme que a parte negociadora é unha das cousas miñas fortes durante a xestión do Partido Popular; pero non só era miña, era do meu equipo. Porque mire, *Román* foi o que conseguiu os terreos alí. Eu quero pensar que á Xunta de Galicia non lle queda outro remedio que facer un gran Centro. Outra cousa. Eu quero que vostedes nese ánimo de levar a cabo ese convenio que se senten coa Xunta e fagan cousas. O que lles digo é que, independentemente do que me toque facer como oposición, non cabe dúbida que é unha moladura: E o é porque sei o traballo que nos levou e sei os sufrimentos que pasamos a moitos niveis. Non teño dúbida algunha de que parte estamos, dentro das posibilidades do PP. Para que iso se leve a cabo independentemente do que fagan vostedes, van ter o noso apoio, sempre que sexa razoable. Pero aparte diso, dese conta que nós loitamos moito e que teño unha especial sensibilidade con el; por tanto nin que dicir ten que unhas cousas saen na prensa e outras non saen; pero habelas, hailas, como as meigas. Por tanto, non se preocupe, que da parte que me corresponde, si me estou preocupando, porque iso parímolo nós. É algo inacabado e nós fixemos os deberes e a Xunta ten que facer os seus deberes. Eu vou a estar pendente do tema porque á Xunta non lle queda máis remedio que mover ficha e estou convencido de que o vai facer. O Partido Popular é responsable, e durante uns anos tivo que non facer obras, porque non había con que; pero miren vostedes que autonomías cumpriron co déficit. A Xunta de Galicia cumpriu. Iso significa facer menos cousas. Pero hai que ser responsable e tampouco lle debeu

ir tan mal na época de *Feijoo* que revalidou por terceira vez por maioría absoluta. Entón non debe ser un estratexia politicamente tan negativa. É certo que hai menos obras, pero se o explicas: hai está *Feijoo* gobernando con maioría absoluta.

É certo que a Xunta baixou tremendamente o número de obras públicas, porque non había co que dar, pero ao mesmo tempo tan mal non lle saíu, porque a xente o entendeu. Así que mire: ¿Que pensa? ¿Que a calquera gobernante non lle gustaría, estando gobernando nós, vir a inaugurar un centro de alta resolución? Si lle gustaría. Gustaríanos a nós moito máis, pero á Xunta lle encantaría vir a inauguralo. Se non o fixeron, foi porque non puideron, non por falta de ganas. Non o fixeron por responsabilidade e non por o pobo de Lalín; gobernábamos nós e asegúrolle que presión fixemos. No primeiro presuposto de *Feijoo* incluíron nos orzamentos o Centro de Alta resolución de 10.000.000 €.

D. Nicolás González Casares: Iso non o viu nos presupostos. Se nos o ensina, créolle. Nos orzamentos non me vale que aparecera unha partida xenérica.

D. Xosé Crespo Iglesias: ¿Entón se lle ensino iso, se o traio no próximo Pleno, entón pídeme desculpas?

D. Nicolás González Casares: No libro de investimentos da Xunta de Galicia, no libro verde.

D. Xosé Crespo Iglesias: No me queira enganar. ¿Nos orzamentos cando se aprobaron estaba o CAR? Si. Cando rematou o ano e se pon a xestión e se fai o balance do ano? Non, porque non se fixo. Eses que fan tan mal a execución. Na execución non están, pero nos orzamentos si están. A intención si está. ¿Eu traio ó próximo Pleno e vostede pídeme desculpas?

D. Nicolás González Casares: Pero non me vale un texto que poña: imos facer. Ten que estar contabilizado nos orzamentos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Reto aceptado. Non se preocupe, imos votar a favor

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Gústame que o debate flúa neses termos; é algo positivo. En todo caso, considero que este tema é moi grave porque afecta á sanidade pública dos lalinenses. Tamén teño claro que se o BNG non saca este tema en sede parlamentaria, seguimos pensando que pasaría con esta circunstancia. Eu estou de acordo que é mellor ter unha actitude construtiva que destrutiva para as negociacións. Isto é unha evidencia na política. Eu co *Sr. Almuíña* e unha das poucas persoas do PP coa que non teño trato. A verdade é que nunca coincidín con el máis que nunha comida. Teño boa consideración del non teño nada contra el. O que si é certo, como dixo o Sr Tenente de Alcalde é que chamei e repetimos 20 veces. Solicitamos a reunión tres veces. Cando nos recibiu o *Sr Almuíña*, dinos ao Sr Tenente Alcalde e a min que en dous meses tería a folla de ruta sobre o Centro de Alta Resolución. Nós dicimos que nos parece estupendo e que en dous meses volvémonos a reunir e falamos o que teñamos que falar. Eu creo que máis construtivo que iso non hai. Pasa un ano. Non nos contestan absolutamente a nada. Reclamamos reunións na Xunta de Galicia e non nos contestan. Eu creo que estamos poñendo todo da nosa parte. Eu non podo entrar cun tanque na Xunta de Galicia, pero “por parte de reunións construtivas, que non sexa”. Ademais eu pedina ó Conselleiro.

A min o que me sorprende de vostede é que non supera disto fai tempo, como lin que se enterou pola prensa da comisión parlamentaria. Que se enterase pola prensa sorprende, pero non vou dicir que non é verdade, porque non me consta. Xa me sorprende cando me chama onte o Alcalde de Cangas, preguntándome que me pasou co Centro de Alta Resolución, porque lles está pasando exactamente o mesmo cun centro de saúde, non de alta resolución e nin se queira lle atende as peticións de reunións por parte da Xunta, por parte de este concelleiro. É certo que vostedes cumpriron co seu traballo. Non o dúbida ninguén, pero agora parece que non teñen ningunha relación co Partido Popular de Santiago. Nós cumprimos en Lalín, pero co que fagan en Santiago non temos nada que ver. Creo que vostedes poden falar coas persoas responsables. Estou seguro que o *Sr. Crespo*, coñecendo como o coñezo, xa o fixo polo menos para preguntar como esta a situación; pero non nos digan que o PP non ter nada que ver o que fan en Santiago co que están facendo en Lalín. Eu creo que son a mesma organización, non son como o PSC e PSOE. Nós somos unha forza moi modesta e nunca nos compararíamos con vostedes, somos moi pequenos e humildes, pero en Lalín gobernamos un pouco. É curioso que nos fale de que estabamos en crise. En crise económica, por exemplo, fíxose este Concello e non se fixeron uns sumidoiros que tanta faltan fan. Eu entendo que cada un ten as súas prioridades. En canto ao cumprimento do déficit por parte da Xunta de Galicia, é certo, non o discuto. Este Concello cumpre coa regra de gasto por outros concellos que son incompetentes coas súas contas, pero tamén que o déficit público para o goberno anterior parece o nome dunha peza de Lalín, máis que unha cuestión de xestión económica.

Polo tanto o que eu lle digo unha vez máis, e poderíamos facer moita sangue con este tema social, que hai que ir da man e intentar sacar o Centro de Alta Resolución e que haxa definitivamente compromisos adquiridos serios con datas. O día que fale co concelleiro, isto non o falei co goberno, pero se o ten a ben, eu encantado de que o representante do PP, se quere vir con nós, veña; encantado. Isto é unha función clave e vital no futuro dos lalinenses. Isto non é como dicía o *Sr. Cruz* con respecto, cada tres meses a votar uns temas. Cambiou porque nos enteramos que cambiou as circunstancias acordadas en convenio, e isto é o que nos preocupa.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por unanimidade dos asistentes (5 concelleiros/as do CXG-CC-TT, 3 concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha concelleira da APAC, un concelleiro do BNG, 10 concelleiros/as do PP e un concelleiro do grupo de non adscritos) **APROBOUSE a moción.**

Xa que logo, visto que

A construción dun Centro de Alta Resolución (en adiante CAR) sanitario é unha das máis importantes demandas do Concello de Lalín e da súa cidadanía para a mellora da Sanidade Pública na nosa vila. A falta de investimentos públicos na Sanidade Pública é palpable, pois Lalín conserva o mesmo ambulatorio que foi construído nos anos 70 do pasado século con pequenas ampliacións realizadas ao longo dos anos para a súa adaptación aos novos requirimentos sanitarios e tecnolóxicos.

No ano 2006 o Goberno Local do PP encargou un estudo que avogaba pola construción dun Hospital Comarcal en Lalín que mesmo pretendía incluír a Concellos de diferentes áreas sanitarias e de ata 3 provincias para a súa xustificación. Sen dúbida aquel intento foi un fiasco, pois ningunha administración sanitaria seria tivo en conta aquela proposta.

Posteriormente, en 2007, introduciuse no debate, a raíz das propostas da propia Consellería de Sanidade, a posibilidade de construción do denominado CAR, que como se explicaba daquela era unha infraestrutura dotada de consultas especializadas de acto único, de diferentes especialidades e con maiores posibilidades de diagnóstico en Radioloxía e noutras especialidades, máis que das que dispoñían e dispoñen actualmente no C.S. de Lalín. Aquela proposta do CAR foi descualificada polo propio Goberno Municipal que seguía coa intención de facer o Hospital Comarcal.

Dous anos despois, en 2009, o Goberno Municipal do PP ante a solicitude dunha parcela dun mínimo de 3.000 m² para a construción do CAR, ofertaba unha parcela situada tras do Ambulatorio, considerada insuficiente pola Consellería de Sanidade, mentres a daquela oposición (PSOE e BNG) solicitaban que se puxeran a disposición da Consellería os terreos situados no Alto de Vales, xa previstos como dotacionais de uso sanitario no propio planeamento, iniciativa que o Goberno Local rexeitou adiando a posibilidade de construción do CAR.

Co cambio de Goberno na Xunta, e xa sen reticencias políticas por aceptar o CAR por parte do Goberno Municipal do PP, en 2010 anuncian a integración do CAR co Punto de Atención Continuada e o Centro de Saúde e que o emprazamento previsto pasaría a ser o Alto de Vales e incluso se aludía a un orzamento de 12 millóns de euros para a súa construción.

Coa intención da construción do CAR no Alto de Vales, e ante a necesidade de iniciar os trámites para a consecución dos solares necesarios, o Concello de Lalín asina en 2011 un Convenio de Colaboración co Servizo Galego de Saúde para a futura construción do CAR e, posteriormente, 3 meses antes das eleccións locais de 2015, asínase un Protocolo de Cooperación entre a Consellería de Sanidade, SERGAS e Concello de Lalín para un estudo de viabilidade do CAR que nunca se chegou a materializar en ningún dos seus apartados.

Para a consecución dos predios o Concello de Lalín puxo en marcha un proceso expropiatorio con importantes custos en adquisición de terreos, tanto en metálico como vía convenios, que foron sufragados integramente por esta Administración local co conseguinte custe /oportunidade para o Concello, que optou por eses terreos antes que por outras infraestruturas veciñais confiando no compromiso da Xunta de Galicia.

Tras múltiples mocións unánimes a favor do cumprimento dos acordos coa Xunta para a construción do CAR , despois de enganos reiterados por parte da Consellería de Sanidade, e mesmo polo seu conselleiro actual *Jesús Vázquez Almuiña*, que incumpriu todos os acordos aos que chegara co Alcalde de Lalín, recentemente ante unha pregunta parlamentaria do Grupo do BNG respondida polo xerente do SERGAS, a cidadanía e o Concello de Lalín foi coñecedora das nulas intencións da Xunta de Galicia gobernada polo PP en levar adiante os compromisos cos lalinenses optando por non construír o CAR e demostrando a inexistencia dun

proxecto real para a atención sanitaria de Lalín e a súa Comarca.

Ante a situación de manifestos enganos reiterados por parte da Xunta de Galicia, o incumprimento dos acordos asinados entre ambas Administracións e o nulo respecto institucional mostrado **o PLENO desta Corporación de Lalín ACORDOU:**

Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia o cumprimento dos acordos asinados para a construción inmediata e indubidable dun Centro de Alta Resolución que inclúa o Punto de Atención Continuada e Centro de Saúde.

Reclamar unha reunión co conselleiro de Sanidade e, no seu defecto, co Presidente da Xunta de Galicia.

Esixir á Consellería de Sanidade que desminta as afirmacións do actual Xerente do SERGAS e nomee un representante autorizado para a negociación da execución dos acordos entre Concello e Xunta de Galicia.

Instar ao Pleno da Corporación municipal a que exprese taxativamente a súa protesta formal pola declaración de non prioritario do CAR e pola declaración de que se está valorando cambiálo por un servizo de teleasistencia.

6. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA DO SR. ALCANDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN PARA QUE EXPLIQUE TODO O RELATIVO AO EXPEDIENTE E XUÍZO REFERENTE Á TITULARIDADE DO CAMIÑO DE VILASOA.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 20 de xuño de 2017 co número de rexistro de entrada 4313. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, obras e planificación territorial, tráfico e seguridade Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Desde o PP. **D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** Solicitamos a comparecencia do Alcalde para que explique todo o relativo á negativa a xestionar a apertura do camiño Vilasoa e a Sentenza do Contencioso Administrativo como máximo responsable do Concello e tamén como perfecto coñecedor desta situación. O Alcalde reuniuse en varias ocasións coa familia denunciante e nunha desas reunións foi bastante tensa e con modos bastante discutibles; reunións co que Alcalde non pode dicir que non sabe nada sobre o que vai o tema ou que non lle informaron porque estaba ao tanto de todo. Queremos que nos explique no vindeiro Pleno, porque tendo informes técnicos e xurídicos a favor de recobrar o camiño o que demostraba que ese camiño era público, preferiron mirar para outro lado e deixar que un privado con vinculación a algún membro do goberno se fixese co camiño. Tamén queremos que nos clarifique que grao de implicación e que intereses teñen os membros do goberno en que non se abra ese camiño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O goberno acepta a comparecencia.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **unanimidade dos asistentes** (5 concelleiros/as do Compromiso por Lalín, 3 concelleiros/a do PSOE, un concelleiro do BNG, 10 concelleiros/as do PP e un concelleiro do grupo de non adscritos), aprobouse a proposta, adoptándose o seguinte acordo:.

O pasado 24 de maio de 2017, o Xulgado Contencioso-administrativo número 2 de Pontevedra fallaba, no procedemento abreviado 354/2016- en relación coa solicitude presentada por unha veciña de Bendoiro relativa a defensa e recuperación da posesión dun camiño público en Vilsoa (Bendoiro), en contra da desestimación realizada polo Concello de Lalín á solicitude de recuperación dun camiño municipal presentada polo demandante.

O fallo da maxistrada- xuíza do Tribunal Contencioso administrativo, que obriga á recuperación do camiño para o uso público e a titularidades municipal, é demoler contra a acción administrativa levada a cabo polo goberno actual.

Nese fallo indicase textualmente que: “... declaro que la inactividad administrativa impugnada no es conforme a dercho , ordenándose al Concello e lalín a que cumpla se obligación de adoptar cuantos acuerdos y actuaciones sean precisas para la defensa y recuperación para el uso público del camiño litigioso.

Las costas causadas a la demandante han de imponerse a la administración demandada y a la parte codemandada, en cuantía máxima total de 500 euros , e concepto de gastos de defensa y representación”.

Na exposición de motivos de dita sentenza tamén se lle lembra ao Concello de Lalín que “De conformidade con o artigo 45 do REBEL “Las Corporaciones locales tienen la facultad de investigar la situación de los bienes y derechos que se presumen de su propiedad, siempre que esta no conste, a fin de determinar la titularidad de los mismos” e tamén que “A la vista de la petición que se hace en el suplico de la demanda, y de las peticiones que asimismo se hacían en los escritos presentados en vía administrativa, no puede mas que estimarse el recurso planteado, sin que las alegaciones efectuada por demandada y codemandada (Concello de Lalín) en contestación sirvan para desvirtuar lo que resulta del expediente administrativo tramitado, debiendo hacerse reisión a los acertados razonamientos efectuados en el informe de la asesoría jurídica que consta en el citado expediente, y cuya falta de seguimiento por parte del Concello de lalín resultad injustificado”.

Ademais do informe xurídico da asesoría xurídica municipal ao que se refire a maxistrada nos fundamentos de dereito e no que tamén se apoia para o seu fallo. No que se instaba ña recuperación do camiño para a titularidade municipal-, no ano 2015 tamén se emitía un informe técnico do persoal do Concello que deixaba totalmente clara a titularidade deste camiño e a inexistencia de dúbidas sobre o mesmo que dicía textualmente: “Existen sobradas pruebas de la existencia del citado camino...

aún se aprecian en los surcos que atraviesan el camino, distinta tonalidade en la tierra que diferencia la zona del camino del resto de la parecerla... na zona ocupada se aprecia restos de riego asfáltico prueba de que debió haber alguna intervención municipal”. Na conclusión do devandito informe tamén se deixa claro que “Ninguna de la documentación aportada pone en duda la titularidade pública del camino”.

En función do antedito, das contradicións e inaccións nas que incorreu o goberno nas súas accións administrativas e nas declaracións públicas emitidas polo Concello, producidas a raíz do fallo inapelable do tribunal Contencioso Administrativo.

Xa que logo, o PLENO ACORDOU:

Aprobar a comparecencia en Pleno do Alcalde de Lalín, Rafael Cuiña, para que aclare todo o relativo ao camiño de Vilasoa e ao seu proceso xudicial e responda ás preguntas que lle formulen dende a oposición.

7. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE O GOBERNO NEGOCIE COA XUNTA DE GALICIA A SINATURA DUN CONVENIO COA SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO PARA QUE O ALBERGUE DA LAXE MANTEÑA A FUNCIÓN DE LOCAL SOCIAL DE BENDOIRO.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 21 de xuño de 2017 co número de rexistro de entrada 4266. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**: Presentamos esta moción porque o que queremos é que se volvan sentar a negociar coa Xunta de Galicia, para que busquen unha saída consensuada ao albergue e que poida ser outra vez local social de Bendoiro. Pedimos isto por varios motivos:

- 1) É a mellor localización posible para local social, sen dúbida.
- 2) É o local social que os veciños queren porque están acostumbrados a el.
- 3) Porque a construción nun novo local social, como anunciaron vostedes que faría, se non chegan a un acordo coa Xunta, entendemos que non é razoable, porque, aparte de ser complicado, é un erro dende o punto de vista de recursos das Administracións. Aí hai dúas Administracións que meteron cartos: unha é o Concello de Lalín e a outra a Xunta de Galicia, que investiu aí unha cantidade de cartos suficientes para facer un albergue que funcionase como tal pero tamén como centro social.

É certo que a persoa que estaba alí xubilou; pero vostedes crearon un problema, unha vez que isto sucedeu, por non ter prorrogado o convenio coa Xunta de Galicia. Nós o que propoñemos nesta moción, para botarlles unha man, é que cheguen a un acordo. Eu creo que é factible, para que aquilo poida ser utilizado como centro social. A Xunta de Galicia tivo que contratar persoal, porque claro, quen contrataba o persoal era o Concello: a limpeza. Polo tanto, se o Concello vai aforrar

uns custos importantes; primeiro en comprar o terreo, salvo que exista unha doazón de alguén para facer o centro social e, segundo, porque hai que ter unha serie de recursos para construír o centro social e logo tamén para o seu mantemento, o que penso sobre este tema é que se deben deixar a un lado os intereses políticos e a confrontación e chegar a un acordo coa Xunta.

Na parte resolutiva desta moción, establécense tres aspectos:

1) Instar ao goberno a que retomen as negociacións. Pode que o Concello teña algúns custos, pero o que é ridículo é construír un novo centro social.

Antes o persoal era municipal e podíanse tomar algunhas medidas, pero agora non. Non obstante, pódese chegar a un acordo máis ou menos razoable e que o persoal proporcionado pola Xunta se poida destinar para ese fin; pero lóxicamente ten que estar reflectido nun convenio.

2) Asine un convenio coa Sociedade Xacobeo que permita o dobre uso que tiña ata agora; o persoal de limpeza é asumido pola empresa contratada pola Xunta de Galicia.

3) Que se cree unha Comisión composta polos representantes do goberno, o Partido Popular, o concelleiro non adscrito e unha representación veciñal polo menos de catro persoas (dúas da Xunta veciñal e dúas da Asociación que alí facía as súas actividades) para que participen nas negociacións do uso do albergue como local social, porque eles eran o que o utilizaban.

Polo grupo de goberno **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**: Cando falaba de trileiros, estábame referindo a este punto, e penso que o Xerente do Xacobeo é un trileiro. Unha persoa que falta a verdade e ao acordado é un trileiro.

Dende aquí eu non tiven a máis mínima dúbida de agradecer o acordo que acadáramos, acordo que variou unilateralmente, sen ter dende o Goberno local a mínima negociación nin respecto institucional por parte do axente do Xacobeo. Nós tivemos unha reunión coa Directora Xeral. Á xente hai que cualificala en función de como actúa.

Non defenden en ningún momento os intereses que tiñan que defender, e eu a estas alturas estou convencido de que o que buscaban era adxudicarlle á empresa privada que xestiona os albergues dita xestión, porque da outra maneira non existe ningún tipo de explicación. E digo máis, dende antes de que rematara o ano, de boa fe, con palabras, en reunións, estaban el a súa secretaria. Non sei se chegamos incluso un día a unha reunión, citáronnos antes de que rematara o ano, e o señor, que estaba en Madrid, non tivo nin a decencia de avisar e modificou unilateralmente os acordos. Este Concello a base de desenganos, por chamarlle así, mentres nós lles facilitamos ata o cambio de subministros para que iso funcionara dunha vez, eles tardaron máis de dous meses en poñelo a funcionar. O que querían era xustificar a todas luces unha adxudicación a unha empresa privada para a súa explotación, que se adquiriu cos cartos dos veciños de Lalín, nun convenio de colaboración por 10 anos, que remataba no ano 2010 e que nós evidentemente continuamos para poder seguir prestando ese servizo.

En Concellos xestionados por vostedes, coma en Ourense, pasou o mesmo. E faltaría máis que as Administracións locais tiveran que manter a estrutura deste tipo; é máis, e xa o dixeran o outro día: o Concello de Lalín terá moita máis lexitimidade á hora de reclamar isto, porque pagou os terreos, pagou as casas e regalounas á Xunta. Home! dígame se nós non temos dereito a que os veciños de Bendoiro poidan desfrutar dese local. Faltaría máis! O que fixo a Xunta de Galicia é provocar, sen a menor dúbida, darlle a xestión do albergue a unha empresa que non se dignou a facer unha chamada a esta Casa.

Nós non temos ningún problema en sentarnos con ninguén; agora, se unha das partes non se quere sentar, é difícil negociar. Nós temos do 8 de xuño deste ano unha solicitude á Directora Xeral por parte da Alcaldía, pero, como non respondeu, volveuse solicitar unha reunión o 22 de xuño. Unha reunión pola que seguimos agardando, pois nin sequera nos chegaron a contestar. Claro!, dígame vostede se o seu talante de negociar é que nos plantemos alí e ocupemos un despacho, porque supoño que non nos quedará moita máis alternativa coa Xunta de Galicia. Permanecer alí ata que nos reciban, e isto que digo, aínda que pareza unha sobrada, non é algo que se descarte; non hai nada máis reprobable ca unha Administración que non contesta a unha reclamación para sentar a falar de algo que nos preocupa tanto, e é que os veciños de Bendoiro teñan un local social que por dereito lles corresponde. Vostedes tiñan que poñerse do lado deste goberno, do lado dos veciños de Bendoiro e do interese xeral. Vostedes dende que deixaron de gobernar teñen un problema de falta de memoria importante. Este Concello ata lles xestionou as reunións coas sociedades de alí. A Xunta de Galicia non está para castigar aos veciños dun Concello, está para xestionar os seus recursos e prestar os seus servizos, e para que vostedes dean un puñetazo na mesa para defender os veciños.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou o seguinte: Obviamente evidéncianse dúas cousas nesta resposta. Ten menos man esquerda para negociar ca un señor coas máquinas de mallar. Antano había moitos nenos sen o brazo esquerdo pola desgraza das máquinas de mallar que se puñan nun carro, e logo había unha polea xigante que ía á máquina; os nenos metían a man esquerda case sempre por querer tocar a polea, e a polea leváballe o brazo; había moitos mancos por culpa das máquinas de mallar; eu non sei se vostede andei cunha máquina de mallar política, pero tamén ten pouca man esquerda.

Ao longo da miña traxectoria política de tódalas cores políticas, coidaba moito en público o de chamarlle “trileiro” a unha persoa coa que tivera que negociar, aínda que tivera xustificación para facelo, porque eu non o sei, eu non estiven nas reunións, non teño que crelo a vostede nin a el. Polo tanto, o que digo é que a man esquerda é algo que hai que ter para negociar.

Mire, nós propoñemos iso, porque cremos que pode ser algo positivo, porque a Asociación que había alí estaba bastante ben, tiña bastantes actividades, máis que noutras parroquias. Eu falei co Xerente da sociedade de xestión do Xacobeo e as versións non coinciden. Deixe de dicir, porque é falso como dicía esta semana un deputado. É falso que a Fundación do Xacobeo o que quería era meter unha empresa privada, pois é a empresa privada que teñen para todos os albergues e, ademais, tiveron problemas con esta empresa para que colleran o albergue de Bendoiro, que non o querían coller. Por tanto, creo que a Xunta non quería ceder a xestión do albergue á empresa, nin tampouco poñer o persoal. A información que eu teño non coincide coa que vostede dá. Ese é un tema entre o xerente e vostede. Eu recoméndolle mesura. Estamos nun Pleno. Se eu quero negociar con quen sexa, teño que ter unha actitude simpática; polo menos de non rexeitamento.

Eu senteime con persoas ao longo da miña vida coas que me amargaba bastante reunirme, e a pesar diso senteime por responsabilidade, porque non quedaba outra que negociar; se con quen negocias é unha persoa que che pode caer mal, pero que che pode solucionar un problema polo ben do pobo de Lalín, pois hai que facelo. Eu pídollo a ben que retire a palabra “trileiro”, porque aínda que as cousas hai que demostralas, con esa xente temos que sentarnos ou deberá sentarse vostede.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: O Xerente do Xacobeo é un “trileiro”. Reitero que é un tío que mentiu e incumpriu. Tiña a súa folla de ruta dada a unha empresa con cartos dos veciños de Lalín. Digo isto porque xa non é unha versión ou outra, é cuestión de que non quixeron unha reunión. Había unhas condicións abusivas en termos económicos para os veciños de Lalín. Había unha parte que sacaba unha plusvalía da explotación e os veciños pagaban por esa plusvalía; por tanto, esa tamén era unha situación a todas luces anómala. Mire: ¿Negociar? Isto é unha decisión política. Púxenlles datas para reunirmos. Este Goberno pediu para sentarnos a negociar. Se non o fixeramos, podería dicir que non queremos sentarnos, que non queremos negociar, pero este non é o debate. O debate é o contrario, estamos falando de cargos políticos do Partido Popular que nin contestan a esta petición, petición que facemos e reiteramos. A nós o que nos preocupaba, tal e como está recollido en mil escritos, é o uso veciñal dese local, moitísimo máis. Mire o que lle digo: máis que o seu uso de albergue. Polo tanto, non minta. Non hai esa negociación. Non hai esa reunión e non hai uso dese local por unha negativa do Partido Popular. Xa o dixen en anteriores plenos; xa non recordo cal. Nós non imos deixar aos veciños de Bendoiro sen local social. Agora a folla de ruta é máis que evidente. Este local, por todas as condicións que dixemos que ten, debe ser empregado como tal; pero como a Xunta negue esa posibilidade, non imos deixar que sexa a única parroquia que non teña un local deste tipo; non obstante, se non teñen o local social, é por unha decisión única e exclusivamente do Partido Popular. Por iso non xoguen con levar 4, 10 ou 20 persoas na reunión. Vostedes teñen a responsabilidade política desa reunión. Xa non digo o propio xerente, senón que a Directora Xeral xa non contestou ás dúas peticións de reunións que se fixeron por parte da Alcaldía este mes. Está ben que vaian a Bendoiro, pero as cousas serias coma estas ímolos tomar con certa seriedade; así que vós poñede data e nós imos encantados, e os veciños tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu pola miña parte, para rematar, dicir que para a negociación co Xerente do Xacobeo, mellor que non veña vostede. Vostedes non queren darse conta de que a arte de negociar é algo complexo. E non digo que sexa unha arte marcial, pero si que no espírito e no fondo é parecido. Así que, se vostedes queren seguir con esta vontade, alá vostedes. No seu momento, cando tiñamos que negociar, eu preguntarei: como hai que facer para ter un albergue?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E como hai que facer para que te reciban?

D. Xosé Crespo Iglesias: Non: que hai que facer para facer un albergue?. O que me dixeron é “ponte á cola”. Hai unha serie de Concellos que o pediron. Eu mirei a cola e era bastante longa. Entón fun facer unha xestión e pregunteille: e para non estar nesa cola tan longa, hai algunha outra posibilidade? “Si, que merque os terreos o Concello e que os ceda á Sociedade do Xacobeo”. Eu prefería que comprara o terreo a Xunta e que puxera a Xunta os cartos, pero, cal é o problema? Se eu seguía co que pensaba que era mellor, hoxe estaba sen facer o albergue. Asegúrolo, porque logo veu a crise. A negociación tivo os seus pros e contras. Xa lle digo: foi a forma legal de saltarnos unha retahíla de peticións doutros Concellos que non ofertaban nada; ofertaban só a petición. Fixémolo con esa idea. Pasados uns anos pódese mellorar o convenio, por suposto, pero iso era o que había na folla de ruta. En todo caso, remato o tema dicíndolle que o que queremos unicamente é que haxa o albergue e que

funcione, e tamén que volva a funcionar como local social, pois é un dos mellores locais que hai en Lalín. Cos rivais contrarios hai que ser construtivos. A min só se me foi a pinza unha vez cunha concelleira. É un fallo, pero é normal. A min con persoas que me tocou negociar, asegúrolle que o corpo non mo pedía, pero non me quedou máis remedio, polo ben de Lalín, e fixeno.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Antes de proceder á votación, o que é evidente é que, se neste momento os veciños da Laxe non teñen local social e o albergue é porque non quere a Administración do Partido Popular, ou que non accede ata o momento.

Este Goberno nunca dixo de facer outro local social en Bendoiro, porque non ten lóxica, tendo esa infraestrutura. Nós estamos de acordo de ir da man con vostedes e cos veciños escollidos democraticamente, sen ningún problema; pero o que non nos gusta, e non vou repetir a palabra que o Sr Crespo dixo que retirase, é que non están sendo claros sobre unha decisión política do PP, e vostedes teñen peso. Solventémolo e deixémonos de xogos entre os egos dun e doutro. A decisión depende dunha soa persoa e a Administración e nós estamos receptivos para ir falar con eles cando teñan a ben recibirnos. Xa en catro Concellerías pedimos que nos reciban e non hai maneira. A min gústame a política construtiva, e quero que nos reciban, falar e chegar a acordos, pero iso depende da parte que non nos quere recibir que é unha Administración do PP. Procedemos á votación.

D. Xosé Crespo Iglesias: O Partido Popular terá erros, pero moitos máis acertos que erros; pero é certo que presume de non ser sectario.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois están sendo sectarios.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso é mentira; o que pasa é que vostedes non están acostumados a non ter man esquerda.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: eu non estou acostumado a que non me reciban; é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non están acostumados a ter man esquerda e a negociar con xente doutras cores políticas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: negociar con quen? Se non nos reciben! Se eu me sento e me din que non, non pode dicir que son un mal negociador, porque non contan con nós.

D. Xosé Crespo Iglesias: O primeiro que hai que negociar é a primeira parte da negociación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A primeira parte dunha negociación é quedar para negociar, digo eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: A primeira parte dunha negociación é xusto iso, quedar para negociar.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se o pedimos vinte veces e

nos din que non, entendemos que non queren negociar...

D. Xosé Crespo Iglesias: Vou ter que facer un catecismo de como negociar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Eu, por alusións. Mire o ridículo deste debate, para que se mire a postura do PP.

Nós non estamos pedindo nin un só euro; só estamos pedindo que quen goberna a Xunta lles permita aos veciños ese uso, pois son eles os que teñen as competencias do albergue, nada mais. A nós, con que lles contesten afirmativamente para que poidan desfrutar del, xa está.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu pídlle que lea a negociación. Antes de negociar eu leveime coa porta nas narices para que aceptasen a negociación durante un par de anos; ao final valeu a pena.

Pois nós estamos nese estadio, pois non nos reciben e dannos coa porta nas narices. Despois de dous anos recibíume, e non me recibiu á forza. Recibíume porque estiven dous anos intentando que sentara a negociar comigo. Ao final sentou e conseguíuno, porque tamén viu que era un tío legal e que tiña razón e, polo tanto, tamén conseguíu. A negociación e parte da negociación, senón imos á película de *Marx*, á primeira parte da negociación.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) grupo de goberno.

Xa que logo aprobose a moción e adoptouse o seguinte acordo:

O pasado día 1 de marzo de 2017 o Concello de Lalín pechaba as portas do albergue de peregrinos da Laxe ao xubilar a traballadora municipal que atendía esta instalación dende a súa inauguración. Un peche que implicaba o cese da dobre función albergue de peregrinos e centro social de Bendoiro desta instalación construída pola Xunta nuns terreos mercados polo Concello de Lalín para a construción deste edificio.

No ano 2001, o Concello de Lalín mercou os terreos e varias edificacións no lugar de A Laxe, na parroquia de Bendoiro, para a construción deste albergue. Unha compra que supuxo un investimento de 3,2 millóns de pesetas, pouco máis de 18.000€.

A principio do ano 2002, a Xunta de Galicia habilitou unha partida de 570.962 euros para a licitación da construción do edificio do Albergue da Laxe que sería o décimo dos situados daquela na Vía da Prata. En xuño de 2002, comezaron as obras de rehabilitación das vellas vivendas e a construción da estrutura engadida que acabarían conformándose no edificio do albergue.

En febreiro de 2004, e despois da máis dun ano de obras e traballos de acondicionamento, inaugurábase o albergue de peregrinos de A Laxe. Un edificio, que

mercede ao acordo asinado entre o Concello de Lalín e a Xunta de Galicia, pasaba a ser albergue de peregrinos a Compostela e tamén local social da parroquia de Bendoiro. Un acordo que implicaba que o ente municipal aportaba o persoal necesario para o funcionamento e o organismo autonómico facíase cargo dos subministros do funcionamento.

Dende daquela e ata o 1 de marzo de 2017, o albergue funcionou sen atrancos con esa dobre función, atendida por unha traballadora municipal que precisamente se xubilou nesa data, alegando o goberno que non tiña persoal para a súa atención e que o convenio tiña xa no ano 2012. Argumentos que a Xunta de Galicia non entendeu como consistentes ao indicar que o albergue de peregrinos estaba cedido de facto ao Concello de Lalín.

En maio deste ano, e despois de máis de dous meses de peche, a Xunta de Galicia retomou a actividade como albergue de peregrinos, perdendo a calidade de Local Social de Bendoiro ao quedar pendente un acordo sobre se particular.

Dende o goberno valorouse en varias ocasións, nos medios de comunicación, a construción dun novo edificio para destinalo a local social, unha pretensión pouco acaída e de escaso sentido, considerando as magníficas instalacións existentes no albergue, suficientes para os dous cometidos; os custes desde proxecto; a inexistencia duns terreos que se puideran mercar, que tivesen unha ubicación céntrica como a do albergue; e a vontade dos veciños de manter o local social no propio albergue.

Á vista do exposto, o **PLENO da Corporación ACORDOU:**

1.- Instar ao goberno a que retome as negociacións coa Sociedade Anónima do Plan Xacobeo para que o Albergue de Peregrinos de A Laxe manteña a dobre función de Albergue e Local Social de Bendoiro.

2.- Que se asine un convenio coa Sociedade do Xacobeo que permita o dobre uso que tiña ata o de agora, tendo en conta que na actualidade o persoal e a limpeza asúmeos a empresa contratada pola Xunta de Galicia.

3.- Que se cree unha Comisión composta por representantes do goberno, do Partido Popular, o concelleiro non adscrito, e unha representación veciñal, de polo menos catro persoas, para que participen nas negociacións para o uso do albergue como local social.

8. REPARACIÓN DOS CARRÍS DA ESTRADA PO-533 NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 21 de xuño de 2017 co número de rexistro de entrada 4365. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Desde o grupo do PP. **D. Manuel Fernández López:** En relación a esta moción, eu creo que xa todos coñecemos a estrada. Ademais de ser unha boa estrada, ten uns carrís laterais que fan moi bo servizo tanto para os gandeiros, como para as parroquias, pois dá un servizo moi favorable para os que por alí pasamos. O que temos é un problema que non é de agora, senón que é de hai tempo: esas vías laterais non están preparadas para o seu debido uso. Iso non é culpa do Goberno, senón da Xunta de Galicia. Aquí estivemos esperando. Viñeron unhas cantas veces, pero o único que se fixo foi botar unhas areas por alí e tapar un burato de nada, que ao cabo de 15 días estaba como se nada.

A día de hoxe os traballadores e os do rural non poden circular nesa vía polos laterais, porque certas zonas están en moi mal estado. Entón por iso presentamos esta moción: esperando ver se se arranxa isto. Vemos que non se arranxa e presentamos esta moción para que se preparen e se arranxen o máis pronto posible estas vías laterais, para que os gandeiros non tiñamos que usar a estrada e poidamos usar as vías que foron destinadas ao noso servizo.

A moción é sinxela, pero vendo o Pleno de hoxe, nós instamos ao goberno a que fale co departamento de infraestrutura da Xunta. Non obstante, vexo que tanto o Sr. Alcalde coma o goberno son incapaces de negociar con alguén e dubido se deixo así a moción ou corríxila moción no sentido de “instar ao goberno municipal a negociar coa Xunta de Galicia a estrada”. Vostedes non van ser capaces de negociar sobre todo a primeira cousa; algún de vostedes vai ir; eu pediría que non fora Paco, porque se vai entrar pola porta da Xunta chamándoos trileiros...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vou eu, parécelle ben?

D. Manuel Fernández López: Que vaia quen queira, pero que vaia unha persoa educada. Eu unhas veces foi recibido e outras veces non, e nunca cheguei a chamarlles trileiros, porque penso que chamando trileiros, a resposta xa a teño. Por tanto, eu non sei se falar cos compañeiros para que falemos nós directamente coa Xunta e que arranxe estas vías, ou deixar o acordo tal e como está, ou pedirlle ao goberno que negocie coa Xunta. Se deixamos a moción tal e como está, vostedes serán capaces de facer ese traballo? Porque me preocupa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que son unha persoa correcta cos cargos políticos.

D. Manuel Fernández López: Vostede comprométese a que vai ser capaz de negociar estes carrís? Aquí non estamos falando de moitos cartos; aquí estamos falando soamente de ir como hai que ir.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu vou pedir da súa parte.

D. Manuel Fernández López: se vostede se compromete, imos deixar a moción así. Se vostede non se compromete, eu teño que corríxir isto, porque os demais membros do grupo de goberno non son capaces de negociar; van a insultalos e os prexudicados vamos a ser nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que si; é máis, vou convidar á Conselleira, se me a acepta, a que pase pola estrada do Rodeiro

e que pare un minuto o vexa e reunímonos todos.

D. Manuel Fernández López: Esperemos que o faga e utilice o sentido común

D. Nicolás González Casares: Empezaches tranquilo Manolo!. De estar tan tranquilo pulsáronche o chip e poste bravo. A min sorpréndeme moito que ti traías esta moción aquí, porque a ti cando che interesa es do PP e do goberno da Xunta, e cando che interesa es do PP, pero da oposición de Lalín. Hai dous meses que saías coa Conselleira e: “imos facer as batidas de xabarís aquí eu coa concelleira, ou foi co Xefe Territorial”. Por certo, como era o punto que lle querías engadir? Se nós non somos capaces que vades negociar vós solos?. Si, nós aprobamos ese punto, o PP vai negociar por si mesmo.

D. Manuel Fernández López: Nós queremos respectar a este goberno, pero tamén queremos que este goberno faga o seu traballo. Eu non quero pasar por enriba de este goberno porque sei ata onde chego.

D. Nicolás González Casares: Manolo respecta os turnos.

D. Manuel Fernández López: Eu xa dixen o que había, e xa dixen os motivos polo que a min non me parecía iso correcto nas outras mocións. Esta moción é sinxela. Non estamos falando de moitos cartos, estamos falando soamente de xestión, pois deixo o tema nas súas mans, porque é o goberno,. O Alcalde xa me dixo que si eran capaces.

D. Nicolás González Casares: E agora se me deixa rematar a min, que estaba no uso da miña palabra e non fuches capaz de respectar; pois continuarei. Claro que os carrís están mal. Levan así moitos anos. Estou seguro que ti non descubriches o mal destes carrís estes últimos días; levan así por lo menos oito anos. O uso deteriora o asfalto e é normal. Pero chámame a atención que fagas esta moción, porque ti cando queres vas alí e xa arranxas todo, ou iso é o que dis. Entón non sei como non está aquilo asfaltado. Cando te interesa estás no goberno e cando non interesa, non. Eu agradezo esta moción. Está ben, é certo. Ten toda a razón do mundo e a moción non necesita moita discusión. Agora non esquezas que isto o tivo que facer a administración responsable. Non hai moitos anos que se botou unha capa nova de rodadura nese tramo, digamos o central, non nos carrís. Non sei por que non aproveitaron daquela, porque xa non estaban ben nese momento. Pero bueno, supoño que non chegaban os cartos para todo e preferiron facer quilómetros que o outro. Este goberno está de acordo e imos votar a favor.

D. Manuel Fernández López: Nada máis, vostede comprométese?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quere vir ese día comigo?

D. Manuel Fernández López: Non, eu non teño tempo. Presentei esta moción porque eu son quen decido cando vou a Santiago e cando presento unha moción. Porque, non lle parecerá mal que eu presente esta moción?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, parécenos ben.

D. Nicolás González Casares: A min sorpréndeme. Non me parece mal, que non é o mesmo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ese día chámote e damos un paseo polas consellerías.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por unanimidade dos asistentes, (21), sendo dez (10) do PP, un (1) do concelleiro non adscrito dez e dez (10) do grupo do goberno.

Xa que logo se aprobose a moción, e adoptouse o seguinte acordo:

O viario que comunica Lalín co Alto do Faro, a estrada PO- 533, presenta ao longo de boa parte do seu percorrido carrís de servizo en ambas dirección que permiten que a maquinaria agrícola poida desprazarse con comida de entre núcleos e aos predios situados en ambas marxes sen ter que acceder a estrada provincial, co que elo implica de seguridade viaria.

O estado da plataforma principal do viario mantense en perfecto estado de conservación, despois de que en outubro de 2007 se acometese unha reforma integral da superficie de rodadura. Nembargantes, o estado de conservación dos carrís de servizo nalgúns dos puntos, especialmente nas zonas máis cercanas aos núcleos de poboación, e por tanto, con máis tráfico, é deficiente.

Así, nas proximidades dos núcleos de Rodelas, Alvarelos e Castro de Cabras, os viarios de servizo, de xeito especial na marxe esquerda en dirección Rodeiro, presentan zonas con baches e mesmo con cortas completas neses carrís, e noutras zonas a perda de líquido provocou que a superficie xa sexa moi irregular. Aínda que boa parte dos viarios de ambos sentidos se atopan en boas condicións, nos puntos máis transitado fanse necesarios traballos de reparación da plataforma.

Considerando que estes carrís dan servizo a unha das zonas máis gandeiras e con máis actividade agrícola do Concello e considerando que o tráfico de maquinaria pesada é moi intenso e que de non mediar unha actuación ao medio prazo o deterioro podería ser máis considerable e custoso, é polo que **o PLENO ACORDOU:**

Instar ao goberno municipal a que negocie co departamento de infraestruturas da Xunta de Galicia a reparación do firme dos carrís de servizo da estrada autonómica PO-533 no termo municipal de Lalín.

9. MOCIÓN DO PP PARA ACOMETER MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA E INFANTIL NO ENTORNO NATURAL DA CARBALLEIRA DO RODO.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 20 de xuño de 4314 co número de rexistro de entrada 4266. A continuación o Sr. Secretario

deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, obras e planificación territorial, tráfico e seguridade Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias:** Nós presentamos esta moción para mellorar a seguridade viaria infantil no entorno do Rodo, polo seguinte:

Reciben vostedes aos veciños e dinlles que a semana que ven prométtelles unha morea de cousas e que van arranxar os problemas que teñen. Anuncian que vai a ver un traballo inmediato nos próximos días.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu digo o que me dixeron os veciños; que ao mellor me enganaron a min. Pasan máis de quince días e vostedes non fan nada do prometido. Os veciños que se senten molestos, precisamente pola súa actitude, falan comigo e dinme o que hai. Dícímoslle que nós o único que podemos facer é unha moción. Eu non teño outra forma de presentalo, porque estamos na oposición; polo tanto non podemos executalo nós. Efectivamente pódome a facer a moción coas cousas que me dixeron e algunha máis. Nós, o cerre da estrada da Carballeira queríámolo facer, pero non tivemos con que. A nosa idea é que dende onde se baixa para a casa de García, dende alí poñer unha cancela, non como o fixeron vostedes, para que non pasase ninguén, o cal ten a súa parte positiva e negativa.

Efectivamente é mellor que non pasen os coches. Nós o que queríamos facer, se tiveramos cartos e tempo, no se u momento, era facer alí unha cancela que se puidera abrir para que, cando houbera un acto, pasase a ambulancia ou pasar a comida co coche, non para que aparquen, senón para que pasen en ocasións especiais. Facer alí unha cancela. Isto era o que falara Camilo e logo facer un cerre perimetral para o resto da Carballeira que non puidemos executar, que non puidemos facer por falta de medios, pero esa era a nosa intención.

Saíu na prensa que iamos traer esta moción e ao día seguinte apareceron con máquinas desbrozadoras alí e máis poñendo un espello. Paréceme moi ben, xa sabemos o que temos que facer para o seguinte.

Na moción vaille un plano do que propoñemos, pero aceptamos calquera proposta. Nós o que pretendemos é facer un aparcadoiro en batería para que entren uns cantos coches fora obviamente da Carballeira; quitámolo en *google earth* e logo metémolo alí unha pequena combinación.

O que instamos é que o goberno:

- 1) Limpe e desbroce de todas as ribadas, porque son municipal ubicadas entre o tramo da rotonda Sanchez e Carragoso para mellorar a visibilidade nos cruces
- 2) Se proceda ao ramado das árbores situadas a marxe esquerda indo de Lalín a García Sánchez do acceso ronda leste dende a rúa Rodo.
- 3) Instale un sistema de redución de velocidade que se axuste a regulación vixente na entrada da rotonda.
- 4) Se acometa o reasfaltado do tramo que hai ao fondo da Carballeira dende o cruce ata o camiño que baixa García Sánchez ata a rotonda rebaixando a pendente existente e como é suficientemente ancha que se poña un aparcadoiro en batería

como poñemos nesta foto que lle vai aí.

5) Ancheado da plataforma.

6) Se constrúa un peche de madeira perimetral na Carballeira que permita que os máis a seguridade dos máis cativos na zona verde e ao mesmo tempo sirva de delimitación, e se instale unha cancela no lugar onde se baixa para a casa de García.

Polo grupo de goberno, **D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente**: Esta ben que nos pidan todo este tipo de actuacións necesarias que vós non fixeron. Son peticións curiosas. É certo que viñeron bastantes persoas a falar co Tenente alcalde e comigo, sobre vinte. Viñeron cunha actitude moi construtiva e o que lles comuniquéi é que á semana seguinte ía estar alí co técnico municipal. Saíu en prensa, estiven alí e díxenlles que cando tivéssemos os orzamentos que dispoñeríamos de cartos para poder facelo. Iso si, volvíu ir outro día co técnico e co Concelleiro do Rural a ver que actuacións urxentes podíamos facer de desbroze.... Falei cos veciños e díxenlles que lle ían facer moito ruído.

Estiven na rotonda de Sánchez e algún coche si que pasou a certa velocidade, aínda que hai un indicador claro de redución de velocidade a 40 tanto de suba, como de baixada; tamén estivemos vendo a posibilidade de poñer un sinal luminoso. O que lle dixen aos veciños é que teríamos recursos económicos, unha vez aprobados os orzamentos. Si é certo que o tema do desbroze podía xa estar feito, pero só temos un tractor que está no rural desbrozando; agora dende o mércores temos tres tractores. Para sufrimento dalgúns están desbrozando por tódolos lados, e polo tanto procederemos a efectuar ese tipo de desbroce tan rápido como se poida.

Basicamente estamos de acordo coa moción. O que se puido facer no momento, fixémoslo, e o outro fomos facendo segundo podíamos; tampouco pasaron tres meses. Entendo que os veciños teñen todo o dereito de reclamar o que reclaman.

D. Nicolás González Casares: Aos que poñedes de aparcadoiro en batería: Sempre que se fala de seguridade infantil, sempre hai que evitar o aparcadoiro. Non son o máis axeitado cando hai nenos ao redor. Alí sería máis axeitado poñer un carril bici que logo tivera continuación cando se unira ca urbanización que vai pola Ronda Leste. Iso ten máis lóxica, porque o aparcadoiro en batería non o vexo. É un lugar de parque que debe ser de acceso sobre todo peonil, salvo que lle queirades dar o uso que ultimamente lles estais a dar o PP que é o lugar de mitins. Non hai que facer alí un aparcadoiro. De feito a 500 metros hai un aparcadoiro inmenso. O que non veu o técnico é o que dixo o Sr. Alcalde: os redutores de velocidade.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que vostedes actúen como bombeiros, a min paréceme ben; a min o que non me gusta é que aos veciños vostedes non lle conten a verdade, porque para nada o que eles pedían teñen que ver cos orzamentos. Presentamos a moción porque os veciños viñeron a nós e polo tanto nós somos a oposición e cando veñen os veciños a nós o normal é que o converta en moción.

O problema grave é de noite, cando hai menos visibilidade. Por elo había que ter isto en conta e introducir na moción un sinal luminoso. Esa infraestrutura é nosa. Vostedes fixeron unha reforma e puideron arranxar ese problema que había alí. E logo queda unha cousa que lles advertín e non que fixeron nin caso. Os camións pasan por alí todos os días. Cando baixan, como hai bastante pendente, ao chegar a rotonda frenan dunha maneira considerable; entón o conglomerado faise resbaladizo. Nós tivemos ese problema e creo que llo dixen a alguén de vostedes; díxenlle que o tiveran en

conta para que o arranxara a empresa que estaba facendo o proxecto. Eu recordo que un trailer fixera alí a tixeira, que por certo levouse a farola que hai na esquina.

Os tractores que hai no rural son insuficientes. Nós mercamos tres tractores. Compre ter algún máis e unha desbrozadora máis, que fai boa falta, porque senón, non vai dar feito cos desbroces.

Sobre o aparcadoiro en batería estamos de acordo en sentarnos para facer negociacións. O tenente alcalde sempre ten que nomear ao PP. Si, nós fixemos algunha verbena coma vostedes en Vilatuxe; por certo nos fixemos as verbenas alí e deixamos todo recollido. Vostede ten que ser máis intelixente para dicir que nós pedimos o aparcadoiro para as festas do Partido Popular. Sempre metendo o dedo.

D. Nicolás González Casares: iso que acaba de dicir agora non o meta no tratado de negociación.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que lle digo é que o tratado de negociación. Alí algún aparcadoiro hai que facer para a xente minusvalida. Nós puxemos alí os aparcadoiros en batería; pero se o queren poñer en línea tampouco pasa nada.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu só teño que dicir que cumprimos cos prazos cos que quedamos cos veciños. Por certo, estiven falando con algún veciño, e díxome que el non lle dixera nada ao PP sen el preguntarlle nada. Pero bueno entendo que ao mellor foron uns e non outros. O que sae en prensa é que eu estiven alí a semana seguinte de estar cos veciños e que cando tivemos os tractores quixemos facer máis cousas.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP, un (1) do concelleiro non adscrito..

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) grupo do goberno.

Xa que logo, **aprobose a moción e a emenda, e adoptouse** o seguinte acordo:

O entorno da Carballeira presenta un importante volume de tráfico. Aos usuarios dese entorno natural únense os que utilizan o viario que discorre paralelo á esta destacada masa natural urbana para acceder as vivenda contiguas á carballeira, pero tamén para os numerosos veciños que habitan en García Sánchez, despois da rotonda da rolda leste.

Trala inacción do goberno municipal para responder as peticións dos veciños, que tiñan comprometido co rexedor solventar algún dos problemas de inmediato e que semella quedaron no esquecemento ao pasar semanas daquel encontro, una parte da veciñanza trasladou ao Partido popular a necesidade de acometer melloras na seguridade viaria e nos accesos a ese barrio do núcleo urbano; así como, mellorar a seguridade dos usuarios máis cativos.

Entre as peticións trasladadas polos veciños ao Partido Popular figura a mellora no acceso rodado á rotonda da rolda leste dende a Carballeira do Rodo. Un acceso que na actualidade presenta dificultades de visibilidade pola excesiva vexetación na marxe esquerda en dirección en dirección a García Sánchez. A frondosidade de varias árbores situadas na marxe esquerda impide a visibilidade correcta dos vehículos que se achegan pola esquerda, subindo dende a rotonda de Carragoso, á que se suma a dificultade de facer a manobra de acceso a esa rotonda que se fai pendente, implicando dous factores que complican a xestión en coche de dito acceso.

Dificultades que se corruxirían con actuacións como a limpeza das ribadas existentes, para mellorar a visibilidade, o arramado das árbores da marxe dereita e a rebaixa da pendente do acceso á rotonda dende a estrada do Rodo que se podería conseguir facendo un recheo da pendente existente e un reafirmado do tramo que vai dende o cruce que baixa do Pazo de García Sánchez ata a propia rotonda.

Ao tempo, os populares tamén indican a necesidade de acometer unha mellora na accesibilidade e as seguridade da propia Carballeira ca construción dunha zona de aparcamento, que na actualidade se fai nun espazo de terra, cos problemas que elo implica, e a construción dun peche de madeira que separe o tráfico rodado da propia carballeira na que se sitúa a mesa de pedra que permitiría que os cativos puidesen gozar deste espazo natural sen os problemas de seguridade que implica a proximidade ao viario.

A zona de aparcamento podería acometerse ao tempo que se fai a redución da pendente e o reasfaltado do último tramo antes da rotonda, facendo chegar a plataforma asfaltada ata o límite da pequena ribada que delimita a carballeira, quedando un amplo espazo para habilitar una zona de aparcamento en batería.

No que atinxe á seguridade dos cativos, a proposta sería a construción dun peche de madeira perimetral que permitise separar a carballeira do tráfico e que impedirá que os cativos puidesen saír á estrada co perigo que elo implica.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e atendendo as peticións formuladas polos veciños e as solucións aportadas polo grupo municipal popular, é polo que o PLENO **ACORDOU:**

1.- Instar ao goberno municipal a que proceda á limpeza e desbroce de todas as ribadas, de titularidade municipal ubicadas no tramo entre a rotonda de García Sánchez e Carragoso, para mellorar a visibilidade nos cruces desta estrada circunvalatoria.

1.- Que se proceda ao arramado das árbores situadas na marxe esquerda do acceso á rotonda da rolda leste dende a rúa do Rodo.

3.- Que se instale un sistema de redución de velocidade, que se axuste a regulamentación vixente, na entrada á rotonda.

4.- Que se acometa o reasfaltado do tramo que hai no fondo da carballeira, dende o cruce que baixa ata ao Pazo de García Sánchez ata a rotonda,

rebaixando a pendente existente no entronque ca rotonda da Rolda leste.

5.- Que no reacondicionamento do firme desde tramo final ata a rotonda se contemple o ancheado da plataforma asfaltada ata o límite da ribada da carballeira para a construción dunha zona de aparcamento en batería para a utilización por parte dos usuarios desde espazo natural.

6.- Que se constrúa un peche de madeira perimetral á carballeira que permita que os máis cativos xoguen con seguridade nesta zona verde, e ao mesmo tempo valga de delimitación da mesma e que se instale unha cancela no lugar onde se baixa para a casa de García.

10. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO UN PLAN DE PREVENCIÓN DA SECA PARA O CONCELLO DE LALÍN.-

Deuse conta desta moción presentada n día 26 de xuño de 2017 por vía de urxencia nas comisión informativa. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

O edil non adscrito, **D. Juan José Cruz García:** Levamos uns meses co problema da seca. Queremos que se poidan tomar medidas dende o Concello. Medidas para previr esta situación; é necesario. Así o fixemos constar en prensa e a resposta do goberno foi urxente, actuaron. Púxose en contacto comigo xente para que continuáramos con este idea. Para nós débense recoller informes técnicos en épocas de riscos, tanto por parte da empresa de subministro como por parte dos técnicos municipais, e que dean conta cada 15 días ou un ó mes en épocas de risco. A día de hoxe nós non coñecemos actuacións concretas máis que esa resposta en prensa e esa actuación. Este é un tema que me preocupa a min, pero tamén a moitísima xente. Polo tanto demandamos que se tome algunha medida de prevención. Mesmo a televisión de Galicia se fixo eco. Por tanto haberá que valorar que todas estas actuacións son de máxima urxencia.-Creo que coincidimos todos en que o plan de emerxencia é algo polo que temos que loitar e non estaría mal unha mesa de negociación para isto. Polo tanto, instamos ó goberno de Lalín con carácter inmediato a que faga un Plan de prevención da seca do Concello de Lalín que conteña medidas para minimizar os riscos que se poidan producir e así evitar prexuízos aos veciños na medida do posible.

A posición do PP. **D. Xosé Crespo Iglesias:** A nós que se faga unha moción de prevención da Seca, parécenos razoable. O Plan de Seca fai falta, porque imos ter problemas coa auga, pois no mes de abril non choveu nada. Hai un refrán que di “abril sen trebón é como un home”. Neste ano non houbo un trebón triste en abril. Polo tanto, vai haber seca e vai haber problemas para regar os xardíns. Aproveito tamén para facer política e dicirlles que o Concello de Lalín e outros concellos parecidos a nós como é A Estrada teñen unha ou dúas brigadas de incendios; xa sei que me van dicir que a culpa é do cha cha cha ou da Interventora. É certo en parte, pero A Estrada ten dúas brigadas. Entón algo falla.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dígollo en Pleno: eu quero ter brigadas de incendios. Se non hai, non é porque eu non queira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón, como algúns alcaldes o conseguen dos seus técnicos sen poñer pegas?. Eu sei cousas que non sei se vostede sabe que as sei; pero outra cousa é a actitude. Eu preguntei a un Concello de aquí cando vin que A Estrada tiña e Lalín non, pódeme dicir como fixeches para conseguilo? E sabedes o que me dixo? O de sempre: con negociación. Aproveito para dicir que en Lalín non hai brigadas e fai falta, sobre todo en agosto e setembro, e tamén quero destacar que outros concellos que son coma nós si os teñen.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto en que este goberno quere as brigadas. Estamos tendo dificultades para telas. Non queda claro no informe do Secretario, por que estas brigadas poden actuar noutros lugares e non no Concello de Lalín. Temos unha dúbida. Vostedes, se non me equivoco, entre o ano 2007 e 2014 non tiveron brigada tampouco. No 2014 si, e no 2015 deixaron preparada. Sabe que no meu partido hai xente especializada nisto. Eu, como vai ser un verán seco e non quero que ningún listo diga que non tiña brigadas, estou facendo todo o posible para telas, xa por unha cuestión política. Con respecto á Seca, dígolle, Sr. Crespo, que onte volví faltar por terceira vez co Sr. Delfín, que me comunicou neste momento non tiña ningún problema e que me dixo que me irá informando de forma que vaia avanzando o verán.

Dª Celia Alonso Caramés: estamos buscando todo tipo de fugas. Aquí están colaborando os veciños e, onde aparece unha fuga, vaise e arránxase. Paralizaron os regos de xardíns e demais e o Plan da Seca hai un mes que se mandou. Estamos para calquera dúbida no departamento.

D. Nicolás González Casares: Hai que chamar as cousas polo seu nome. O Plan de prevención da seca non existe, porque a seca non se pode previr, salvo o clamor ou a danza da chuvia dos indios. Será un plan de prevención ou de continxencia ante os efectos dunha seca.

Dª Celia Alonso Caramés: Simplemente dicir que o nivel de auga tratada non hai problema, onde si hai moito problema é nos pozos cos gandeiros. Dependendo de como se vaian subministrando as temperaturas, pódese subministrar cun camión cisterna ou non. Aí si que é onde hai problema e onde hai a prevención do plan por parte da Xunta, co que se está traballando.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: o rego paréceme ben, porque a herba xa está grande.

D. Nicolás González Casares: O ano que vén remata o contrato da auga. Haberá que redactar un prego que sexa actualizado e que nos dea os niveis en tempo real dos diferentes depósitos e bombeos, e como está o bombeo por segundo en Lalín. É o que está pasando nos sitios que teñen a tecnoloxía ao día; aquí estamos no Pleistoceno no servizo de abastecemento de augas. Así non só vai ter información o Concello, senón tamén cada cidadá. Hai tanta auga que se pode usar. A transparencia tamén é importante.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP, un (1) do concelleiro non adscrito

Votos en contra: ningún

Abstencións: dez (10) grupo do goberno

Xa que logo **aprobouse a moción e adoptouse** o seguinte acordo:

Levamos uns meses escoitando que este verán poden agravarse os problemas da seca tanto os medios de comunicación como as administracións estano a dicir constantemente. Por esa razón, queremos prever antes que lamentar e para iso necesitamos saber **que medidas se están tomando dese o Concello** en previsión de que a seca continúe todo o verán.

Tamén é necesario **planificar un seguimento** que deberán realizar os técnicos municipais en contacto con Espina e Delfín, para comprobar a evolución do consumo e do caudal dos ríos nos puntos de captación e manantiais. As escasas choivas que habitualmente se prevén durante os meses de verán poder converterse nunha cuestión fundamental para a veciñanza. Para un mellor control **deben recollese informes técnicos en épocas de risco asiduamente**, tanto da empresa sobre o estado do subministro, consumo, caudal de captacións, niveles de depósito, como dos técnicos municipais que **dean conta aos responsables políticos**.

A día de hoxe **non se coñecen actuacións concretas** por parte do goberno municipal para atallar o posible problema, salvo unha breve nota despois da miña denuncia na prensa do previsible risco. Este asunto é un tema que me preocupa a min pero tamén a moitos veciños que me fixeron chegar esta proposta de moción para que o goberno se se poña as pilas e traballe para reducir os efectos negativos que unha prolongada seca ocasionaría. Por iso vou poñer o tema enriba da mesa para que **o goberno nos explique se está a tomar algunha medida en previsión de que a seca** continúe todo o verán para garantir o abastecemento de auga á poboación e cales son esas medidas. De non telo previsto, como parece ser o caso, solicítolle ós responsables municipais que traten de afrontar o risco potencial desde xa. E que teñan moi en conta tamén que o desastrosos estado de abandono do rural (malos accesos e abundante maleza nas pista por culpa de non ter desbrozadas as marxes) e a escaseza de auga poden complicar sobre maneira a extinción de incendios (de prevención xa non falo porque ben vedes como están as pistas do noso rural e os accesos ás aldeas... maleza por todas partes).

Creo que todos coincidiremos na necesidade de que debemos adiantarnos agora que estamos a tempo e ter preparado con tempo un **plan de emerxencias** que axude a paliar os efectos negativos dun verán que e prevé excesivamente seco, a nosa pregunta é se fixeron informe que aclare o consumo estado do abastecemento etc e pode facérmolo público.

Por todo o exposto, o **PLENO ACORDOU**:

Instar ao goberno a elaborar con carácter inmediato un Plan de Prevención da seca para o Concello de Lalín que conteña medidas para minimizar os danos que poida producir e así evitar prexuízos na medida do posible.

11. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO INFORME SOBRE O PROCEDER DUN TRABALLADOR MUNICIPAL.

Deuse conta desta moción presentada o día 26 de xuño de 2017 por vía de urxencia na sesión da comisión informativa. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

O edil non adscrito, **D. Juan José Cruz García**: Non é a primeira vez que teño que aguantar certo tipo de actuación, certo tipo de informes e certo tipo de manipulación do que os informes viñan a contar. Niso, o Alcalde sempre trata de facer o xogo político. Para o que vostede é irrisorio, para min non o é. Estas actitudes dos funcionarios non deben estar permitidas. Agora *Nicolás* falaba que debía acotar un pouco e definir o que era o encabezamento da moción; porén as acotacións é definir concretamente o que son as cousas. Non se fixo e intentouse manipular os contidos que ían á prensa, pois bueno: é o xogo político.

As actitudes partidarias por parte dos funcionarios non deben estar permitidas e xa deben ser ética e moralmente; algo que tiña que estar asumido. Non teño que vir eu aquí a dicir o que cada un ten que facer. Obviamente, con esta moción podería ser moi duro con algún funcionario do Concello, pero non é o caso. Sempre dixen que ía tratar proporcionalmente á xente segundo me ía tratando. Eu non teño nada contra César, que é unha persoa que sempre me tratou ben; a Interventora é unha magnífica profesional, pero o comunicado que fixo Celso para min non foi apropiado. Púxeme en contacto con el (non tiña pensado tomar ningunha actuación porque hai xente que parece que te cae ben), pero hai persoas que te enganar. Entón a xente díxome que tiña que actuar, que non era de recibo o trato cara a miña figura e imaxe.

Repartir panfletos aquí é o cometido que teñen eses funcionarios ou persoal de confianza; aquí todo o mundo calou a evidencia. A min todo iso me beneficia. Celia; sei de boa tinta que non tiñas a intención e que te cabreaches. Andades montando unha cousa por unha tontería, e o que vai dar pena é Juan José. Dígoo polo voso ben, porque eu probablemente non teña interese de seguir en política. Eu estou convencido de que xente vosa esta indo contra min. Parade con esa estratexia, porque hai xente que me está pedindo que dinamicemos a candidatura; eu non os quero facer dano. Díxenche, Rafael, que eu non te quería botar da Alcaldía cando me marchei. Vou intentar cumprilo e ogallá teñas transcendencia política como cando eu che axudei a tela.

Estes informes técnicos o que están intentando é defenestrar. Obviamente o Sr Secretario fixo un informe excelente sobre a miña expulsión, igual coma o que me acaba de dar.

Sr. Secretario, eu sei que non podo ter ningún beneficio ningún dende a miña saída, seino.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos a levarnos ben, tes que falar da moción. En rogos e preguntas, se lle queres dicir algo ao Secretario, é o momento.

D. Juan José Cruz García: Déixame acabar só isto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Apúntao, está sendo un Pleno largo e quero que rematemos. En rogos e preguntas podes dicir o que queiras.

O Sr. Secretario: Parécenme ben as palabras do Concelleiro, pero aquí o que escribe son outras cousas, porque está dicindo, en relación ao informe que fixen da súa expulsión do Pleno, que a redacción está feita para beneficiar o Alcalde e “prexudicarme a min”; o que se di e unha cousa e o que escribe e outra. A miña votade non é prexudicar a ninguén.

D. Juan José Cruz García: hai dous informes. Mire, aí estame botando unha man o Sr. Alcalde. ¿Que infracción se cometeu? O señor Secretario o que ten que ver é que eu estou aquí e que ese informe está escrito xerando a posibilidade descarada de poder interpretar a redacción a favor de quen sexa. O que digo é que está moi ben acotado polo Alcalde, que houbo varios informes e habería que indicar a cal se menciona.

Se estamos falando do tema de Celia Alonso, por que Celso non puido pronunciarse no tema de Nicolás?, Eu marcheime do Goberno porque para min son máis graves cousas coma esa, que xestionar mal uns cartos. Hai cousas que non poden permitirse, como a falta de respecto que poden incorrer en xuízo ou delitos. Agora dinme que no tema de Vilatuxe hai un menor de idade, un acontecemento que quero que me explique o Sr. Nicolás, porque cala o que quere.

Vexo que estades obsesionados con buscarme un resquicio e veñen aquí a ridiculizar certas cousas. Aquí hai que poñer un matiz de seriedade

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vaia acabando, é a primeira intervención.

D. Juan José Cruz García: Repito: houbo insultos, reiterados insultos, comentarios machistas. Quero que saiba o pobo de Lalín que vou velar por estas cousas e facer o regulamento que non está feito e parece que hai un baleiro legal. Eu pediría que Celso actuara tamén e que me pasara tamén a carta que chegou á prensa. E por que se colleu deses tres folios esa frase. Uns teñen amigos aquí e fóra e no medio dos vosos confidentes teño amigos. Aquí hai que denunciar o que hai que denunciar. Celso prostituíuse, porque Celso sempre foi un home de demandar produtividades. Rafael: non mintas, eu tiña todos os documentos gardados.

D. Xosé Crespo Iglesias: É certo que o concelleiro non adscrito síntese molesto e dende o noso punto de visto non é sen razón, porque independentemente de que as cousas poden facerse dunha maneira ou doutro, aquí non se trata a todos por igual. Iso é certo. No caso dun funcionario, e aproveito para dicirlle ao concelleiro non adscrito se pode deixar esta moción enriba da mesa para estudala mellor e, pois,

quizais haxa outra fórmula que non sexa meter entre a espada e a parede ao Secretario para que elabore un informe. Se a pode deixar enriba da mesa eu comprométome a que no Grupo Popular a estudemos. Despois de escoitar a intervención del, que como sempre non ten desperdicio, coido que vostedes teñen un problema: e é que Juan José estivo con vostedes no Goberno e sabe cousas que nós non sabemos e ás veces eses temas afloran. Eu non digo nin que sexa certo nin que non; eu non o vivín.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por exemplo que?

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, o que estaba dicindo da produtividade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A vostede non lle pediu ningún funcionario unha produtividade?, e deullas ou non?. De que estamos falando?

D. Xosé Crespo Iglesias: A min claro que me pediron toda a produtividade, sen dúbida; unhas dámolas e outras non. Pero aquí do que se trata, que eu saiba, é que hai 25 anos nunca un funcionario desta casa se inmiscuíu nun debate político.

D. Nicolás González Casares: Como que non, Crespo? Hai un caso dun funcionario que se inmiscuíu nun debate político.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pode haber un caso, non lle digo que non>; pero eu creo que non. Non creo que haxa ningún funcionario que se inmiscuíu nun debate político. Aquí no Pleno pasado pasou que Juan José dixo o que dixo e a min cónstame que a propia afectada non se sentiu perturbada nin moito menos con esas palabras, que non solicitou o amparo de ninguén e que de repente aparece un funcionario na prensa meténdose nun debate político. Estamos de coña!. Iso é un improprio por parte do funcionario de telo feito e por parte do Alcalde de telo permitido.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non podo ir contra as liberdades de expresión. Primeiro, eu non sabía que ía sacar nada; despois, eu non vou contra a liberdade de expresión de ninguén. Vostede pretende que eu lle pare a un funcionario a súa liberdade de expresión? É o que esta dicindo?

D. Xosé Crespo Iglesias: Parar non, porque se o quere facer, ten todo o dereito do mundo; pero como mínimo recomendarlle que non se meta no debate político, que iso é cousa nosa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Este debate non o ten que ter vostede co Goberno, porque o Goberno non fixo nada nese sentido.

D. Juan José Cruz García: Iso. Ti defende a liberdade de expresión. Tes que empezar por non mentir, tes que empezar por pedir perdón.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pido perdón.

D. Juan José Cruz García: Porque vostede ameazou ou fixo presións ou insinuou cousas á xente que escribe na prensa para que retirar certas verbas .

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: EstaDes dicindo que eu ameacei a xente da prensa?

D. Juan José Cruz García: Si, e teño probas. Ti falaches con xente dicíndolle: vaille pedir a Juan José Cruz a publicidade do teu periódico.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso é unha ameaza?

D. Juan José Cruz García: Home!

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Crespo, rematou?

D. Xosé Crespo Iglesias: A verdade é que isto parece de chiste. Eu fágolle un rogo logo no apartado de rogos. Eu entendo que, se *Celia Alonso* pedira un amparo, que o tivese; pero se non o pediu, que un funcionario se pronuncie. Hai aquí un escarceo político. Que saía alí dicindo “pobriña Celia, vaia ataque machista”, cando aquí non o vimos ninguén, puido ser unha saída de ton como teño eu ou o resto. Eu entendo que no fragor da batalla nós digamos cousas, polas que logo temos pedido desculpas. Agora: que veña un funcionario...

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: No último Pleno pedinche desculpas coa man no corazón por todo o que che pareza mal de min, e aos dous días xa estabas dándome leña no periódico. Bueno vai con cara de cordeiro degolado”.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é o que quero dicir eu. Non me entendas mal. A min gustárame que fora a primeira e a última vez nesta lexislatura que un funcionario se meta nos nosos escarceos políticos. Eles non están para esas cousas e, por tanto, merece unha chamada de atención.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Este funcionario a quen nos estamos a referir, que a min no me gusta falar de funcionarios aquí, e o seu nome non o vou dicir, considéroa unha persoa decente e cabal, unha persoa competente e unha boa persoa, ademais dunha persoa moi comprometida por algunhas causas.

D. Juan José Cruz García: É que pode cometer erros coma calquera persoa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Este funcionario ten todo o meu respecto. É unha persoa competente, válida e comprometida cunhas causas que este goberno considera moi importantes. Todos cometemos erros, Non digo que sexa o caso. Paréceme excesivo estar tanto tempo cun debate sobre un funcionario só por defender un posible aliado político.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por defender non. Estaba no uso de palabra. Eu considero a ese funcionario ao que nos estamos referindo competente, e non teño por que consideralo mala persoa. Considéroo boa persoa. Considero a ese funcionario cos mesmos cualificativos que vostede. Agora ben, non estivo correcto neste caso. Que ten que ver que sexa competente? Eu non lle discuto a súa competencia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos rematar

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non quero quedar de malo e vostede de bo. Xa lle dixen que vostede pensa que os demais son tontos eu xa sei o que quere vostede, eu tampouco o considero mal profesional, en absoluto. Soamente digo que o outro día dando esa nota de prensa se meteu no debate político, e que non se debía haber metido.

A miña pregunta e non quero facer sangue disto é: Meteuse el porque lle deu a gana ou porque o goberno instou a que se metera? Porque eu considéroo unha persoa cabal e estráñame que se metera nese charco sen que ninguén llo suxería. Pero en todo caso, eu quero rematar pedíndolle ao concelleiro non adscrito, se é posible que retire a moción. Que quede claro o que queríamos dicir todos e que, por favor, lle fago un rogo ao Alcalde para que ningún funcionario se meta no debate político, para iso estamos nós.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto por ultima vez e vaime entender ben. Se quere, tráiollo gravado nalgún sitio: eu nunca me vou meter na liberdade de expresión de ninguén, funcionario ou non funcionario.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me faga falar máis da conta, vostede claro que non se vai meter na liberdade de expresión; non pode.

D. Nicolás González Casares: Sr. Crespo: é que o que está dicindo vostede é incoherente por unha razón: vostede levou un funcionario público na súa lista.

D. Xosé Crespo Iglesias: E prohíbeo a lei?

D. Nicolás González Casares: Non. Por iso nós imos xa instar a que non o leve, se vostede o quere levar outra vez; para que non se meta no debate político.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero por favor, como pode mezclar ambas cousas. Estamos falando que o funcionario exerza a súa función e que o debate político o deixe para os políticos.

D^a. Celia Alonso Caramés: Simplemente facer unhas puntualizacións. Para empezar eu defendo o traballo da oficina de Igualdade en todo momento. E despois, Sr. Cruz dicir que cando a redacción pon “violencia de xénero”. Creo que aquí todos sabemos que é imposible que haxa, nin houbo, nin hai, porque vostede e eu nin fomos, nin somos parella. Entón é imposible que haxa violencia de xénero.

Se me pregunta a min, Pois ese día non me sentín ben. Pero unha cousa é un golpe de mala educación, porque non só era o que dicía, senón o ton e os xestos. Isto se o fai nun restaurante ou no claustro dos profesores e non é válido. O que non vale fóra do Pleno de Lalín, moitísimo menos dentro. E algo machista?. No seu momento dixen mala educación.

Eu en ningún momento solicitei amparo de nada, porque de tódalas mulleres que estamos aquí sentadas ningunha necesitamos que ningún home saia na nosa defensa. E falo por todas. Somos mulleres que estamos en política e para chegar á política non chegamos de calquera maneira. Outra cousa é que a xente e os grupos dixeran que o ton e as formas non eran as correctas. Esta concelleira ao igual que o resto, sabe defenderse perfectamente e consentir golpes de mala educación. Tampouco estes nos fan graza e non os consentimos.

D. Juan José Cruz García: O límite de onde estea o trato está nas entendedeiras que cada un teña. Iso non é propio deste Pleno e non son propias da nosa retórica estas expresións. Mire: vostede pode ridiculizar a *Juan José Cruz*. Iso si que se pode. Eu estou discutindo con vostede sobre cousas que descoñece. Cando hai que argumentar as cousas, arguméntase con contundencia diante dunha muller, dun home, dun cura... Eu argumento e vouno seguir facendo. Non é machismo e eu poño violencia de xénero moi intencionadamente nesta moción. E sabe por que? Porque a vostedes lle gusta moito levarme diante dun xuíz para que eu teña que explicarme sobre o entender do pobo de Lalín. Ese é o meu traballo político?. Vou estampar diante das narices documentos eu vou seguir actuando con contundencia. Non me vai a dicir vostede cal ten que ser o meu ton. Non lle vai dicir vostede ao pobo de Lalín o que ten que entender, nin eu teño que dicir o que cada persoa entenda. Vostedes que son tan valentes lévenme diante dun xuíz coma sempre. As formas son as que eu queira e vou dominalas como eu queira. Sempre dixen que actuaría proporcionalmente co trato que me dean. Quero que quede constancia de que o PP de Lalín está respectando ao concelleiro non adscrito e estame pedindo que retire a moción. O meu agradecemento proporcional ao trato do PP e que o saiba o pobo de Lalín que vou tratar de facelo. Elimino a moción. Pensareino. Teremos que sentarnos a debatela porque acabades de dicirme que hai algunha razón. Eu entendo perfectamente que dentro do Grupo Popular non queiran darme o apoio, porque aquí todos nos coñecemos. E *Celso*, o funcionario, pode ser unha persoa que caía ben. Para algúns concelleiros será un compromiso darme o voso apoio. Non volo pido. Pronuncieime así nas comisións informativas e que cada un faga o que queira.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Retirada a moción.

12. MOCIÓN DE URXENCIA PARA QUE O GOBERNO INFORME Á OPOSICIÓN DA CUANTÍA DOS REMANENTES DE 2016 QUE SE PODERÍAN DEDICAR A PROXECTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E PARA QUE PROCEDA A REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS QUE, A PROPOSTA DA OPOSICIÓN, FORON APROBADOS EN SUCESIVAS SESIÓN PLENARIAS CO FIN DE QUE SEXAN EXECUTADAS COA PARTIDA DE REMANENTES ANTES CITADA.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 21 de xuño de 2017 co número de rexistro de entrada 4266. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadán, Cultura e Educación do día 26 de xuño de 2017.**

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós presentamos unha moción por urxencia porque non queremos que ocorra o que ocorreu o ano pasado. O ano pasado aproveitaron o seu victimismo para culpar ao PP de que non foron capaces de adxudicar o plan de remanentes daqueles fondos que podían ser sostibles, un consenso que nin buscaron, porque a vostedes eu creo que non lles interesa. Vostedes queren gobernar en minoría. Teñen todo o dereito do mundo. Como se tivesen máis votos ca oposición,

que non os teñen. Dende o noso punto de vista, ten unha eiva na capacidade de negociación e de xestión e que non é o noso problema, senón de vostedes. Un ano despois estamos no mesmo punto. Por iso traio esta moción con ese plan de obras do 2015 e case doce meses despois non foron quen de adxudicar eses investimentos, botándonos as culpas a nós, ou a Montoro ou a Interventora. O cronograma está aí para ver.

Vostedes trouxeron o ano pasado, creo recordar no mes de agosto, unha proposta sen consensuar con ninguén e xa estaban en minoría. Non fixeron esas obras e as culpas de non facelas quérennos botar. Nós o que lle pedimos é moi claro nesta moción: pedímoslle que nos diga cal é a cantidade de remanentes do ano pasado que se poderán dedicar a proxectos financeiros, que sexan legais de meter e por tanto que se poidan cometer as obras que proceda, e comezar a redacción deses proxectos de obras, que foron aprobadas neste Pleno, pero que non fixeron?.

No mes de xuño instamos ao goberno:

1) A que informe con carácter inmediato cal é a cantidade de remanente do ano 2016, que se poden utilizar para investimentos sostibles e que por tanto se poderían destinar as obras aprobadas en sesións plenarias propostas pola oposición e que non fixeron nin caso.

2) Instar ao goberno municipal a que encargue aos técnicos con carácter de urxencia e máxima brevidade posible a elaboración dos proxectos necesarios para execución de obras que foron aprobadas por maioría en sede plenaria e que a continuación se relacionan, algunhas delas co voto a favor de vostedes:

-Arranxo do pavillón municipal, botar a pista de cemento, aprobado por unanimidade.

-Comprar as parcelas de cercio para o ancheado da estrada provincial 6.007 e para a construción dunha praza pública, aí pode haber dúbida se é financeiramente sostible ou non, aí sometémonos ao que diga Intervención. Se Intervención di que a compra deses terreos en Cercio non é financeiramente sostible, entendémolo, pero que o diga cun informe.

-Arranxo das pontes de Sestelo e Cristimil que o goberno municipal elabore o proxecto para a construción das pontes de Sestelo e Cristimil.

-Construción de novas depuradoras.

-Arranxo das pistas con aglomerado que quedaron excluídas do plan de remanente do ano 2015 pero que nunha reunión que foi José Antonio Rodríguez e Antonio Rodríguez se nos dixo que as pistas que non entraban nese plan se facían no primeiro plan de obras.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ímolo cumprir.

D. Xosé Crespo Iglesias: O ano pasado nós levábamos un plan de obras. Vostedes dixeron que había que quitar obras, que nós tamén quitamos, quitábamos obras todos e logo facíamos un plan. E logo as que quedaran, nos dixeron que se ían a incluír no primeiro plan de obras deste goberno que é o da deputación, o miramos e non está incluído.

- Acondicionamento pistas en Zahorra.

- Entre outras obras.

3) Instamos ao goberno municipal en que cando estean rematados os proxectos das obras antes citadas, se proceda a súa adxudicación con cargo remanente do ano 2016

coa urxencia necesaria para que sexan acometidos este ano.

Traemos esta moción porque nós a vostedes considerámoslos un pouco pillos á hora de negociar con nós. Digo pillos, non no mal sentido da palabra, senón que deben pensar que non somos o suficientemente listos e deben querer enganarnos. Ao mellor ocórreselle traer no mes de Agosto unha proposta do remanente do 2016. Que saiban que traian o que traian, ímolo votar en contra por parte do PP, namentres non se faga o que está aprobado. Polo tanto, xa llo estamos facilitando. Miren que remanentes hai que poidan ser financeiramente sostibles. Se non poden ser quítenos, por suposto.

Traémoslle esta moción porque non nos queda outra; porque non nos meteron nin a primeira, xa non tiveron a xenerosidade de metelas nos orzamentos e nin no Plan de concellos. Xa lle advertimos que poden traer as mellores obras do mundo mundial. Nós xa lle dicimos que imos votar a favor despois de que fagan as outras. Isto obríganos a facelo precisamente para que non nos tomen o pelo. É o motivo polo que presentamos esta moción por urxencia.

Posta a votación ordinaria a ratificación da urxencia, mediante votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por unanimidade dos asistentes, máis da maioría absoluta do número legal de membros, ratificouse a urxencia da moción.

D. Nicolás González Casares: Máis alá das motivacións políticas e do que fala o Sr. Crespo, eu creo que todos os días traer sete ou oito mocións por urxencia, como estamos vendo, non é serio.

D. Xosé Crespo Iglesias: Creo que xustifiquei a urxencia.

D. Nicolás González Casares: Eu teño que argumentar agora respecto coa moción e o estou facendo a intervención que eu creo oportuna. Nesa reunión que mantivemos no verán pasado quedan aí unhas pistas por facer.

Hai outras cuestións das que xa recibiron vostedes: o informe do Secretario. Logo tamén quero dicirlles unha cousa: despois de tantos anos aquí e tantos anos co de Montoro, vostede non saben o que é a inversión financeiramente sostible. Aínda non o coñece? Aínda non sabe onde se poden meter os cartos ou non? Porque eu os vexo perdidos, porque aquí hai cousas que non son financeiramente sostibles.

Vostedes confunden remanentes de tesourería con superávit. O superávit só se pode dedicar a inversións financeiramente sostibles e aquí hai cousas que non o son. O primeiro, instar a que informe cal é a cantidade de remanente (hai unha Comisión Especial de Contas o día 13); e instar ao Goberno que encargue aos técnicos con carácter de urxencia e á máxima brevidade posible a elaboración dos proxectos necesarios para execución de obras.

O arranxo do pavillón municipal. Isto non é financeiramente sostible. A inversión en deporte non é unha inversión financeiramente sostible a día de hoxe, porque non o quere o Goberno de Estado. En canto ás compras dunhas parcelas, hai un informe do Secretario no que se refire a de quen é a propiedade. En canto ao arranxo das pontes de Cristimil e Sestelo: unha é unha ponte privada e ten unha dona. Necesita primeiro dilucidarse a propiedade, redactar o proxecto e logo pedir os informes sectoriais. Non é cuestión de arranxar cousas privadas. En cantos ás depuradoras, estou de acordo que hai que facelas, pero estou seguro que hai outras maneiras que metelas como

inversión financeiramente sostibles.

O arranxo das pistas. Xa o dixo o Alcalde: estamos cen por cen de acordo en que hai que arranxar iso. O da zavorra: tamén estamos de acordo. En canto ao saneamento de Botos e Cadrón, estanse redactando os proxectos. Toda a intención é de facer estes saneamentos. Por certo, aquí tamén podería botar unha man a Xunta; pero bueno vanse facer. Polo tanto, hai moitas cousas de aquí que son financeiramente sostibles; pero esquecen outras como unha rotonda que hai que facer e está autorizada por Patrimonio. Pero a vostedes non lles importa: vostedes non queren facer esa rotonda.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós, non cobramos nada.

D. Nicolás González Casares: Cobrar, cobrades vos. O muro de Doade é unha obra pública en sitio privado e nin pediu permiso; non están os permisos nin os terreos.

O que quero dicir e vou rematando e que moitas destas obras que vostede pide teñen a súa lóxica e están pactadas; pero agora eu xa lle adianto que hai outras que non van pasar de Intervención. Comino a Pincho que, ao saír de aquí, vaia preguntar se se pode facer ese investimento. Aquí estamos moi de acordo en algunhas cousas que facer, pero outras vemos que é imposible facer a día de hoxe, por cuestións de titularidade, de permisos doutras administracións e de que en algúns casos non vai ser inversión financeiras sostibles. Tamén hai que dicir que a cantidade é limitada. Vostedes traen aquí sobre unha cantidade de millón e pico. Ogallá haxa esa cantidade pero a cara de Teresa dime que non vai haber esas cantidades.

Dª. Teresa Varela Fisteus: Isto non trae urxencia ningunha, cando a liquidación do exercicio 2016 está aprobada en abril. Aí xa tedes o superávit que hai. Tamén tedes nos informes que van en tódolos expedientes de modificación de créditos o que se pode meter en inversión financeira sostible, co cal alí desmóntanse a urxencia desta moción.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se vos parece o deixamos igual e que pase o do ano pasado. Agora é o aniversario en agosto, faltan quince días.

D. Rafael Luis Cuíña Aparicio: Por certo, creo que xa lle dixeran a algún membro do PP que seguramente a semana que ven teremos un Pleno extraordinario para ratificar o das pistas .

Sr portavoz: comunícolle que a semana que ven convocaremos un Pleno extraordinario sobre as pistas que están acordadas para facelas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A que ven isto agora? Porque nos din a interventora que hai que ratificalo outra vez. Que cree que me apetece a min volvelo a traer?. É un pleno dun minuto. O que nos di a interventora que cando estean os orzamentos xerais do Estado, que creo que foron aprobados o pasado luns pero que aínda non están publicados, hai que traelo unha vez máis co informe de Pepe Varela que creo que xa esta case rematado. O que lle dixeran o seu asesor é que temos que acordar a ver cando os ven ben a data do pleno extraordinario.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu o digo ao seu asesor, entendo que selo comunica. O resto de pistas acordadas estamos intentando facer as

memorias para que estean para xullo.

D. Xosé Crespo Igelsias. Chámenos. A obra dos pavillóns puido ir en tres plans que pasaron. En canto ás obras restantes, agora podían ir unhas; o resto noutros plans.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Estades facendo unha proposta que eu alucino. É unha proposta inasumible, porque non temos esa cantidade de cartos, xa non digamos que non se adapte

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por exemplo, nos orzamentos levamos o acordo plenario de garantir os fondo europeos e votastes en contra; no tema das bandas votastes en contra.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabe quen o vai facer? Este goberno, non. Vostedes votaron en contra.

D. Juan José Cruz García: Vou ter que darlle a *Nicolás*: si que é verdade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, eu non falteille o respecto en todo o Pleno.

D. Juan José Cruz García: As plusvalías eliminounas *Nico*, pero as bandas non. Isto é difícil de entender.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: meteuno este goberno nos orzamentos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Hai informe do Secretario co que se debe meter e o que non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non me rete a nada; que eu paso.

D. Juan José Cruz García: Pedirle ao PP que se acorde dos temas das casas de Moimenta creo que falta ese tema aí.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non deixa Patrimonio.

D. Juan José Cruz García: Xa que está na Xunta, pídvos que intentedes mediar en Patrimonio ante esta situación, e que veñan a Lalín *in situ* a ver o risco que teñen esas casas, porque estamos falando de casas que están caendo e pódeno certificar calquera técnico que vaia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ti sabes que fixemos a xestión, que fixemos todo e que Patrimonio dixo que non se podía facer.

D. Juan José Cruz García: Chama a Román Rodríguez e ao técnico da Xunta e imos todos alí a facer presión.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esa é unha cuestión de Patrimonio.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ti cuestionas aos técnicos de Patrimonio?. Bueno, está ben sabelo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estou de acordo con vostede de facer alí unha praza. Como quere que llo diga?

D. Xosé Crespo Iglesias: Patrimonio tense que dar conta precisamente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estou totalmente de acordo. Cando caían un día eu irei a Patrimonio a dicirlles: caeron estas casas. Nós dixémolo e non lles deu a gana e a culpa non vai ser nin de vostedes, nin miña.

D. Juan José Cruz García: Senón: pedir que a valen, ou algo.

D. Nicolás González Casares: O único que se pode facer é declarar un expediente de ruína e exixirlle aos propietarios que as poñan en condicións para que non provoquen danos pero o Patrimonio.

D. Juan José Cruz García: Viría algún técnico de Patrimonio a velo?

D. Nicolás González Casares: Eu penso que si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O Concello presentoulle os informes pertinentes.

D. Juan José Cruz García: Era o que estaba tratando de mediar. Se pode vir algún en persoa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Procedemos a votación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non acabamos. Eu fixen unha intervención; logo xa intervimos todos.

D. Nicolás González Casares: Eu fixen unha intervención na que me interrompestes tres ou catro veces. Eu cando falaches ti, non te interrompín e tomade nota porque ás veces non respectades a palabra no Pleno e agora non a estades respectando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Rematade.

D. Juan José Cruz García: Obviamente, paréceme unha das mocións máis interesantes porque se ven alí certas inquiredanzas que eu tiña. Vou apoiar esta moción. O PP fixo un bo traballo traéndoa aquí; eu descoñecía que ía ser; así que tedes o meu apoio.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non a descoñecía que chamoute onte.

D. Juan José Cruz García: Chamoume onte. Pero Sr. Secretario: neste Pleno dixen que coñecía o tema desta moción? Vostede puxo iso? Eu non coñecía que moción era.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É igual: falouche do partido da Sub-21. É que non quedaba máis remedio. Se non é ningún hándicap!.

D. Xosé Crespo Iglesias: A modo de emenda presentou a seguinte:

Se algunha das obras propostas na presente moción e aprobada polo Pleno non pasa os informes de Intervención, entenderase excluída da mesma.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP, un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: dez (10) grupo do goberno

Xa que logo, **aprobose a moción e a emenda e adoptouse** o seguinte acordo:

O pasado 7 de agosto de 2016, o grupo de goberno presentaba en rolda de prensa os proxectos a acometer con cargo aos remanentes do ano 2015. Uns proxectos que partiron da proposta unilateral do grupo de goberno, cando xa para aquel intre se atopaba en situación minoritaria na corporación municipal.

O día 16 de agosto, o alcalde convocaba un pleno extraordinario para a aprobación das propostas de obras a realizar con cargo aos remanentes de 2016 que ascendían a arredor de 500.000 euros. Unha proposta de obras que en ningún momento foi negociada nin consensuada ca oposición en xeral, nin co Partido popular a nivel particular, pese a ter o goberno minoría na corporación. O PP apelou daquela a buscar unha negociación entre o goberno e a oposición xa que eran un volume importante de obras que deberían saír por consenso. Os populares rexeitaron a proposta co compromiso de negociar e tentar a súa aprobación no pleno do mes de setembro, apenas quince días despois.

Co consenso acadado, grazas a unha reforma da proposta inicial para incorporar obras que os populares entendían prioritarias, a principio do mes de setembro de 2016, aprobáronse ditas obras co voto favorable do Partido Popular.

Pese a esa aprobación, o goberno non foi quen de poñer en marcha o dito plan de obras nos seguintes 10 meses. Primeiro, botando a culpa ao Partido Popular por un atraso só imputable á falla de vontade negociadora do goberno. Segundo, botando a culpa á Intervención municipal e, despois, poñendo de culpable ao Ministerio de

Facenda.

A realidade é que a día de hoxe, 10 meses despois de acadado o consenso, entre o goberno e Partido Popular, para a realización das mesmas, dita sobras están sen facer que o goberno só se dedicou a repartir culpas, para non recoñecer a súa torpeza xestora, levando a pleno unha proposta que estando en minoría nin se lle presentou a quen podían, e ao final deron, o seu apoio para a posta en marcha das mesmas.

Ao mesmo tempo, na reunión mantida entre o goberno e os concelleiros do partido popular, Antonio Rodríguez e José Antonio Rodríguez, o goberno quedou en que as obras propostas polo Partido Popular que non entrar no Plan de remanentes do ano pasado se ían a acometer no primeiro plan que fixera o goberno. Unha vez máis, o goberno mentiulle á oposición e faltoulle á palabra ao Partido Popular, xa que no primeiro plan que fixeron despois de pactalo, que foi o Plan de concellos 2016, non se incluíu ningunha das referidas obras. Asemade, outro os pactos que tiña connosco o goberno era acometer unha relación de pistas en zahorra que nos dixeron que as ían a acometer con cargo a unha partida que lles aprobamos para a compra de zahorra por valor de 45.000euros. Unhas pistas que unha vez máis están sen facer.

Para evitar atrasos e que o goberno municipal teña tempo para poder realizar proxectos e acometer a tramitación necesaria para o emprego dos remanentes de 2016 en obras xa en sede plenaria.

Xa que logo o PLENO ACORDOU:

1.- Instar ao goberno a que informe, con carácter inmediato, de cal é a cantidade dos remanentes do ano 2016 que se poden utilizar para investimentos financeiramente sostibles e que, por tanto, se poderían destina á realización das obras aprobadas en sesión plenaria propostas pola oposición.

2.- Instar ao goberno municipal a que encargue aos técnicos, con carácter de urxencia e á máxima brevidade posible, a elaboración dos proxectos necesarios para a execución das obras que foron aprobadas por maioría en sede plenaria e que a continuación se relacionan.

- **Arranxo no pavillón municipal:** Dotar á pista de cemento do pavillón municipal dunha nova superficie de xogo máis moderna e acada á práctica deportiva que a actual. Proceder á separación das pistas de goma de de cemento cun cerramento definitivo que substitúa ao provisional ca que conta na actualidade. Delimitar, unha vez substituída a superficie de xogo da pista de cemento, tres pistas de mini- deporte ao ancho do pavillón 2 con portería e canastras de baloncesto ancoradas e fixas que permitirían unha maior optimización da superficie do pavillón municipal. Aprobado por unanimidade, co voto favorable a favor do grupo de goberno.
- **Compra de parcelas en Cercio para ancheado da EP-6007 e para a construción dunha praza pública:** Compra dos inmobles e da parcela

da antiga casa de Ismael en Cercio, que na actualidade se atopa abandonada, para proceder á súa cesión á deputación de Pontevedra con fin de que esta mellore o trazado da estrada EP-6007 nese punto que presenta complicacións circulatorias e de seguridade viaria. O que non fose necesario para a mellora do viario podería ser utilizado para outros usos da parroquia como o citado de aparcamento. Proceder á compra da parcela para a construción da praza pública cunha pequena zona infantil. Votado en contra polo grupo de goberno.

- **Arranxo das pontes de Sestelo e Cristimil.** Que o goberno municipal elabore un proxecto para a reconstrución das pontes de Cristimil e Sestelo sobre o Río Asneiro que contemple a adecuación dos camiños que accedan a ela. Que se dote economicamente unha partida para o arranxo das devanditas pontes e dos viarios de acceso como solicitaron os veciños das parroquias afectadas. Votada en contra polo grupo de goberno.
- **Construción de novas depuradoras en Prado e Vilatuxe.** Novas infraestruturas que substitúan ás actuais que se atopan nun deficiente estado e obsoletas. Votada en contra polo goberno.
- **Arranxo das pistas con aglomerado que quedaron excluídas do Plan de remanentes do ano 2015 (Pactado co goberno, que se farían no primeiro plan que se acometera).**
 - Galegos- Igrexa-Tomil (Galegos)
 - Pista de Alperiz a límite municipal (dirección Pedroso)
 - Aglomerado no lugar de san Martiño (Losón)
 - Chares- Mato (Cercio)
 - Pista interior de Palio (Palio)
 - Pardesoa- Porcallos
- **Acondicionamento de pistas en zahorra que non se acometeron e que tamén foron pactadas a cambio de votalas a favor:**
 - LODEIRO- CAPILLA SAN CAETANO
 - ALBARELLOS- PISTA DO MEDIO DO AGRO
 - DOADE- DEPÓSITO AUGA DE CODESEDA
 - CAMIÑO DO COTO (CASAS NOVAS-GOIÁS)
 - COTARELO-BALLOTE
 - PARADA-MUIMENTA
 - IGREXA (PARADA)- PONTE DOS CABALOS
 - MACEIRA-CAMIÑO DO COTÓN
 - DES-LADO DE ABAIXO PECHE DO PAZO
 - CABREIRA-RODELAS
 - CERCIO-XUNTO AO CAMPO DE FÚTBOL
 - ANZO-LATERAIS DO AVE
 - VILAR (SOUTOLONGO)- BOTOD (SESTELO)

- SAN XORXE (CRISTIMIL). MONTE DE PENAS
- ALPERIZ- GRANXA DE GARCÍA
- COTARELO-SOUTO, por onda a antiga fábrica do pan de sapo.

- **Saneamento de Botos e Cadrón.** Propostas polo Concelleiro non adscrito e aprobada cos votos favorable do Partido Popular. Trataríase de realizar os proxectos e dotar de partida para a execución con cargo aos remanentes de 2016, o saneamento íntegro dos lugares de Sestelo, Ribeira, Vilar, Somoza, Padrón, Vilamaior e Ateán da parroquia de Botos e tamén os lugares de lamas, Cadrón e Castelo na parroquia de Cadrón. Votada en contra polo goberno.

3.- Instar ao goberno municipal a que, cando estean rematados os proxectos da sobras antes citadas, se proceda á súa adjudicación con cargo aos remanentes do ano 2016, coa urxencia necesaria para que poida ser acometidos neste ano.

4.- Se algunha das obras propostas na presente moción e aprobada polo Pleno non pasa os informes de Intervención, entenderase excluída da mesma.

13. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO PLAN DE SINALIZACIÓN GLOBAL DO SANTUARIO DO CORPIÑO E CONSTRUCCIÓN ZONA PEONIL CARRETERA PRADO-BODAÑO.-

Dáse conta da moción por vía de urxencia que presenta D. Juan José Cruz García, nesta mesma sesión plenaria, presentada no rexistro auxiliar o día 28 de xuño de 2017, con número de rexistro de entrada 4644.

Nas deliberacións houbo a seguintes intervencións:

D. Juan José Cruz García: Hai veciños que se puxeron en contacto comigo para que se sinalice. Se considerades oportuno que é urxente, pois debatémola agora. A min pareceume importante traela rápido para darlle apoio a este veciños que se poñen en contacto comigo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu ofrézolle unha cousa: retirar esta moción en concreto. Teño importante interese na Romaría e da zona e non me gustou ver na prensa que este ano baixou o numero de persoas. Eu estiven por alí e vin bastante xente; pero os medios..... Se quere, sentámonos e miramos medidas concretas. Quero que a retire e a traballemos.

D. Juan José Cruz García: Vouna expoñer e dicir as medidas que eu quero tomar. Eu digo que sempre se poden sumar a maiores máis cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que dese xeito conseguimos un acordo máis amplo.

D. Juan José Cruz García: Vamos a empezar por retirar todo o que queira;

pero quero que a próxima modificación de créditos ordinaria vaia para alí.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero acordamos iso: traballar sobre o tema e logo acordalo.

D. Juan José Cruz García: Paréceme ben; dende logo que me sento con vostede a falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Retirada a moción.

Dª. Eva María Montoto Méndez: A min gustaríame estar presente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por suposto, e o Alcalde de barrio se quere tamén pode estar

Xa que logo, retirouse a moción por acordo entre o edil propoñente e a Presidencia.

14. ROGOS E PREGUNTAS

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Eu teño 2 rogos e 1 pregunta.

1º ROGO: Tiñamos hoxe que recoller hoxe unha documentación, o día do Pleno. Creo que tamén para o día 28 de xullo nos deron ese día para ver documentación. A ser posible cando nos dean para ver a documentación, que non coincida co Pleno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois ten vostede razón.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: A documentación que teño para ver hoxe a terei que ver mañá. Mañá non, o luns.

O *Sr. Secretario* indicoulle que no decreto consta: a partir desa data. Logo, pode vela desde ese día.

2º ROGO: Hoxe no Faro de Vigo aparecen unhas declaracións feitas polo Alcalde, dicindo que estaba aburrido de insultos diarios nas notas diarias de prensa que lle fai ao PP e que lle acusan de facer falcatuadas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é exactamente así, é unha forma de falar.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: As falcatuadas dicímolo nós. Rogámoslle que, se ten algo que nós dicir, que nolo diga aos dez concelleiros e deixe ao marxe a toda crítica e a toda persoa que non está dentro da liorta política.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Refírese a miña muller, por exemplo?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Eu non metín a súa muller aquí.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Creo que me entendeu moi ben. E ao fillo de Medela tampouco se refire, non?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: A súa muller será un problema seu.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, é de quen pon na nota a miña muller.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Tódalas notas que saen son consensuadas con nós. Somos nós os responsables. Se algo nos ten que dicir: díganolo. A incomparecencia dos dous concelleiros de deporte que tiñan que estar alí, motivou iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aplíquense o conto. Eu dinlle a razón co asesor; deime a min a razón co da miña muller.

1ª PREGUNTA: Unha pregunta a Nicolás. A raíz das respostas dadas ás preguntas da cruz carlista, pregúntolle: Que funcionario ou funcionarios lle fixeron o informe de que non facían falta autorización de Patrimonio?

D. Nicolás González Casares: Neste caso pedín consulta. Estaba Cruz e dixeron que alí non facía falta ningún tipo de informe de Patrimonio porque había unha licenza outorgada para facer a casa e esa casa non necesitou informe de Patrimonio.

3.-PREGO.- Rógolle que me dea por escrito a contestación.

D. Nicolás González Casares: Vostede ten a miña resposta de Pleno asinada e en tempo. A min gustárame que nos anteriores goberno, vostedes asinarades e pasarades as respostas en tempo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Eu as miñas paseinas sempre en tempo.

D. Nicolás González Casares: Pero asinadas non. Identificadas?, sábense quen asina? pon o nome a data e a hora?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: as que eu presentei tamén.

D. Nicolás González Casares: Nunca.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ: Queríamos facer unhas preguntas referentes á noticia que emitía o Tenente de Alcalde en prensa sobre a contratación de persoal sobre a xestión do DUSI e tamén sobre as porcentaxes que ían dedicar a xestión.

1ª PREGUNTA: Se nos podería dicir: que porcentaxe vai a dedicar a administración?, cal vai a ser a cantidade?

D. Nicolás González Casares: Nos fondos DUSI está estipulado polos propios fondos que se teñen que dedicar un 4 % a xestión administrativa, que anda cerca dos 300.000 €. Fixen un informe; volo pasarei. Logo de aí unha parte vai dedicada a xestión administrativa. Eu non fixen o anuncio. O anuncio saíu porque estaba xa mandado ao BOP e aprobado en Xunta de Goberno. De aí hai que descontar o salario do administrativo, é dicir, todos os custes laborais por tres anos; anda ao redor de 28.000 € anuais, con todo de seguridade social. Entón aí hai tamén que descontar cerca de 84.000€: queda un restante para a xestión administrativa e queda outro restante para reunións... Agora mesmo, desde Intervención están pedindo que se tomen en conta outras situacións, pero dende logo vaise contratar unha asistencia técnica e eu calcúlolle que en tres anos levaralle 140.000€.

2ª PREGUNTA: É dicir vai destinar a cantidade máxima do 4 %?

D. Nicolás González Casares: Non. É que é obrigatorio; non se pode gastar menos; temos que xustificar un 4 %; incluso poderíamos gastar máis, pero o que non se pode é gastar menos.

O día 5 de xullo, o próximo mércores, temos a reunión definitiva para empezar a execución en Madrid con algunhas cuestións; ao mellor non te as podó resolver porque non as sei

3ª PREGUNTA: E as funcións administrativas?

D. Nicolás González Casares: As funcións administrativas son única e exclusivamente tarefas de contrato interino; só se pode dedicar a iso: a unha cuestión específica. De feito, está establecido nunha memoria técnica cales van a ser as súas funcións.

4ª PREGUNTA: Queriamos saber tamén todo ese procedemento de contratación. As licitacións as vai facer un administrativo ou o persoal do Concello?

D. Nicolás González Casares: Non, porque aquí tivemos que distinguir dúas partes no DUSI: unha parte que se chama organismo intermedio lixeiro, que é a que se dedica a parte de xestión fiscal e máis administrativa; e outra parte que se encarga da execución.

Esta persoa si que vai a poder colaborar na redacción de pregos ou levar ao día as licitacións, pero os pregos vains seguir facendo a persoa que se encarga diso.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: A partida de gratificacións de 16.000 € ?.

D. Nicolás González Casares: Iso é unha reserva, en vez de asumir nós toda a produtividade.

Nestes casos tamén poderían ser asumidas polos fondos europeos, porque vai haber asistencia ás sesións extraordinarias, xa que hai persoal asignado que ten que facer funcións extraordinarias. É dicir, cada eixo de actuación ten un responsable. Hai unha comisión antifraude que se ten que reunir dúas veces ao ano.

Entón a eses traballadores, cando fagan esas horas extraordinarias en vez de pagar todo cos cartos do Concello, decidímolos pagar así.

D^a.EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ:

1^a PREGUNTA: Queríamos saber si o Tenente Alcalde coñece os temas das enquisas da piscina que se están a facer?.

D. Nicolás González Casares: *Aínda non; acábanme de pasar o email co informe do resumo final de todas as enquisas.*

Eva María Montoto Méndez: Pero vostede sabía o que se pregunta, non a resposta?

D. Nicolás González Casares: *A enquisa, si, porque está colgada en internet para todos os cidadáns.*

D^a. Eva María Montoto Méndez: podería dicir por que tema se pregunta e a quen? podémolo saber?

D. Nicolás González Casares: *Se entrevista a todo o mundo que quere ser entrevistado e que queira contestar. Pedíuse a todos os pedáneos que contestaran e a todos os grupos políticos. Vos non quixestes; dixestes que individualmente; Juan preguntou por orzamentos o algo así.*

2^o PREGUNTA: Como valora vostede que das 17 preguntas que se fan nesa enquisa tan só dúas preguntas teñan que ver coa piscina?

D. Nicolás González Casares: *Non só son dúas, porque hai preguntas abertas e moitas son de xénero.*

D^a. Eva María Montoto Méndez: Só hai dúas: unha pechada e outra aberta.

D. Nicolás González Casares: *E logo hai de xénero e sección, dicir cantos anos tes?, xénero?, onde es?*

D^a. Eva María Montoto Méndez: Non me refiro a iso.

D. Nicolás González Casares: *E tamén sobre as deficiencias municipais.*

D^a. Eva María Montoto Méndez: Estamos respondendo á pregunta seguinte que era: en que lle axudaba Casares sobre as zonas verdes o abastecemento?

D. Nicolás González Casares: *Eses datos non son de consumo interno.*

3^a PREGUNTA: Non cree vostede que as enquisas de aceptación do que fai o Goberno as deberían pagar os socios do Goberno e non utilizar estes 13.000 € ?

D. Nicolás González Casares: *Non. Son enquisas do que fai o goberno. Son enquisas de xestión de servizos municipais.*

Eva María Montoto Méndez: Que fai quen?

D. Nicolás González Casares: O Concello de Lalín. Hai algunha enquisa de valoración do Goberno aí? A que non? ou de algunha persoa do Goberno?. É unha enquisa de como funciona a auga, a recollida do lixo, e iso creo que é lícito que o pregunte un Goberno.

Dª. Eva María Montoto Méndez: Unha ao goberno preguntando por usos da piscina. Eu preguntolle: que faría vostede se esa enquisa a trouxera o PP fai tempo?

D. Nicolás González Casares: Pois probablemente o PP non dera eses datos e non os colgaría nun portal de acceso para todo o mundo. Vostede vai ter o acceso ao mesmo tempo practicamente ca min deses datos.

4º PREGUNTA: Que van facer cos resultados que arroxen as enquisas?

D. Nicolás González Casares: Pois publicalos.

5ª PREGUNTA: Se van utilizar estes resultados para dar unha versión happy?

D. Nicolás González Casares: Mañá publicarei o informe que ten 34 páxinas. Dígoche unha cousa: hai cousas que están mellor e outras non; pero falamos de xestión municipal, non de valoración do goberno.

6ª PREGUNTA: Cree que é de recibo que se poidan gastar 13.000€ nesta enquisa e sen embargo se lle vaia dicindo aos veciños do rural que non se arranxan as luces da aldea porque o PP non aproba os orzamentos?

D. Nicolás González Casares: Voulle dicir: non se gastaron 13.000 € nesta enquisa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa están a arranxados, non?

Dª Eva María Montoto Méndez: Unha semana despois de dicir que non se podían arranxar as luces, porque o PP non aprobaba os orzamentos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ninguén dixo tal cousa.

Dª Eva María Montoto Méndez: Iso publicárono nas redes sociais. Vostede contestaba a esa mensaxe: as teño nas capturas. Non era culpa do PP, era que había que facelo antes.

D. Nicolás González Casares: 13.000 € custa todo o proceso participativo. As enquisas forman parte só da primeira fase. A primeira fase creo que custaba de 3.500€. Está aí posto; hai deseños de moitas cousas, é dicir, estamos falando dun proxecto que é bastante máis ambicioso. Ter como participación 500 enquisas nun concello como Lalín; está bastante ben.

D. José Antonio Varela Quintela: Indicou que: “como as fotos de deportes, que eran estadísticas súas”.

Sendo as 13,48 horas abandonou a Sesión o Sr. Alcalde titular, D. Rafael Cuiña Aparicio e D.

Tomás Vilariño Fidalgo. Quedou como Alcalde en funcións D. Nicolás González Casares, con oito o grupo de goberno e con dezanove os asistentes ao Pleno.

D. Nicolás González Casares: *Ti de estadística vas un pouco xusto. A ENE debe ser trescentas e pico. Cando se fan enquisas electorais, os xornais non fan máis de 300 en Lalín. Por tanto, o índice de confianza que vai haber con 500 enquisas vai a estar moi por encima do 95 %*

7ª PREGUNTA: Unha vez teñamos os resultados desta enquisa, no ámbito que toca a servizos públicos, entendemos entón que eses resultados van ser de servizos públicos destes dous últimos anos,?

D. Nicolás González Casares: *Non. A enquisa é actual. A ti aí non te pon límite temporal, verdade?*

Dª Eva María Montoto Méndez: Entón, entendemos que é recente?, que van dar a súa opinión neste momento?.

D. Nicolás González Casares: *Ti como sabes de estadística como sei eu; non é o mesmo un corte que varios. Isto é un corte.*

Dª Eva María Montoto Méndez: Un corte responde ao momento actual. Iso significa facer unha valoración do Goberno, de como o Goberno xestiona os servizos públicos.

D. Nicolás González Casares: *Non; de como están os servizos públicos de cara ao cidadán, de como está o lixo, a auga.... Creo que é lexítimo.*

Dª Eva María Montoto Méndez: O que estaría ben que co soldo do Sr. Medela podería facer el esta enquisa só dándose un paseo; podería entrevistar a máis de 500 persoas.

D. Nicolás González Casares: *Eva, iso é moi científico.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Aos pedáneos preguntanlle polas silveiras, servizos sociais. Ten algo que ver iso coa piscina?

D. Nicolás González Casares: *Non, pero aproveitando que se fan as preguntas...*

Dª Eva María Montoto Méndez: Así me gusta que sexades aforradiños e que aproveitedes..

D. Xosé Crespo Iglesias. Imos darlle caña, Nico. Xa o advirto

D. Nicolás González Casares: *Fai o que queiras; sete anos deixando a piscina abandonada. Algo haberá que facer.*

Dª Eva María Montoto Méndez: De 17 preguntas dúas falan da piscina?

D. Nicolás González Casares: *Se contamos as variables de xénero?*

D^a Eva María Montoto Méndez: Non. Esa deixámolas. Vale de 14 preguntas, entón dúas. Dáme a porcentaxe, que a min non me sae.

D. Nicolás González Casares: *Non chega a un 20 %.*

D^a Eva María Montoto Méndez: Unha marabilla. Con estudos que calculen así, no momento. Menos do 20 % da enquisa refírese a piscina?

D. Nicolás González Casares: *O que importa é cualitativo e o que se vai a utilizar.*

D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ.

Teño varias preguntas e un rogo

1^a PREGUNTA: O Concello de Lalín pecha as comportas da praia fluvial de Vilatuxe hai unha semana. O encorado da auga producíase con atraso respecto aos tres anos anteriores exceptuando no ano de cambio de Goberno. Cales foron os motivos reais para non ter aberta a praia fluvial en plena ola de calor?

D^a Celia Alonso Caramés: *Tiñamos que facer unhas obras. Estabamos esperando; non contábamos con esta ola de calor e así se abriu ao terminar os colexios. As obras que hai que facer son moito máis importantes do que se pretendía. Falouse con Augas de Galicia e en setembro poderémolas facer, porque hai que picar e levantar o formigón. Entón cando se termine a época de baño, xa se mandan os proxectos e se fai.*

2^a PREGUNTA: Entran como obras o cambiar as táboas e os ferros?

D^a Celia Alonso Caramés: *Era o que había que facer*

D^a. Raquel Lorenzo Fernández: entón non o cambiaron?

D^a Celia Alonso Caramés: *hai que facer iso e moita máis obra; entón se falou con Augas de Galicia, porque se nos podemos a facelas agora, tardamos moitísimo máis.*

3^o PREGUNTA : Fíxose un estudio ou informe do estado dos mesmos?

D^a Celia Alonso Caramés: *Sí*

4^a PREGUNTA: Coa solución que se tomou: están os bañistas en risco?

D^a Celia Alonso Caramés: *Non. Se estiveran en risco, como comprenderá, non se abría.*

5^o PREGUNTA: É dende cando se sabían estes problemas?

D^a Celia Alonso Caramés: *dende que o pasaron os técnicos.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Dende hai un ano xusto?

D^a Celia Alonso Caramés: Un ano non, fai uns meses

1º ROGO: No lugar de Lebozán os veciños quéixanse da ubicación do recolector de lixo que está xunto á Igrexa. A empresa de recollida de lixo actúa na parte baixa, cando os veciños ven máis operativo ubicalo noutro lugar e argumentan que o camiión de recollida de lixo daría maniobrado perfectamente nesta ubicación. O que lle rogamos é que negocie coa empresa a colocación do colector na zona onde queren os veciños, porque para eles é máis operativo.

D^a. Celia Alonso Caramés: *Eu, non sei de memoria se é Lebozán. Sei que hai unhas solicitudes. Me din que o camiión do lixo que ten que ir marcha atrás e que lle é moi complicado. Entón vou a falar cos técnicos e coa empresa e voulle preguntar.*

D^a. MARIA JOSÉ SENANDE MÉIJOME

As preguntas ían para o Sr Alcalde, pero como tivo que ausentarse, se quere respóndemelas o Sr Tenente Alcalde.

A primeira tanda de preguntas son sobre a carpa que se instalou na feira do cocido.

1ª. PREGUNTA.- O ano pasado o Alcalde manifestaba que a carpa de compromiso de calidade lle saíra gratis ao concello de Lalín. Vemos na liquidación dos convenios do cocido que aportou na festa deste ano 11.000 € de Mahou. Nós preguntamos se queda algunha cantidade por liquidar á empresa?

D. Nicolás González Casares: *Iso eu non o podo contestar. indicou que respondería por escrito.*

2º PREGUNTA: Entón a cerveixeira fixo fronte á metade do custe da colocación da carpa, non?

D. Nicolás González Casares: Por escrito. Eu non lle podo responder.

3º PREGUNTA: ¿Cal é a cantidade que aporta anualmente esta empresa para o cocido?

D. Nicolás González Casares: *Indicou que respondería por escrito.*

4º PREGUNTA: Todos os anos foron igual? ou algún ano foi diferente?

O Sr. Alcalde-Presidente *indicou que respondería por escrito.* **D. Nicolás González Casares** *dixo que: eu creo que hai un convenio, pero non sei.*

5º PREGUNTA: Vale, se é igual: O primeiro ano *Mahou* non se fixo cargo da totalidade da carpa como anunciou o Alcalde?

D. Nicolás González Casares: *Por escrito. indicou que respondería por*

escrito.

Outra tanda de preguntas, esta vez sobre o aniversario de Sucasas

6º PREGUNTA: O pasado 26 de xuño celebrouse o 5º aniversario do falecemento do artista Alfonso Sucasas sen que o Concello de Lalín fixera ningún acto de homenaxe a este ilustre pintor, pese a que había un acordou plenario por unanimidade para facelo. Cal foi o motivo para que non se fixera o acto o máis sinxelo ou complexo, conmemorativo do falecemento de Alfonso Sucasas?

D. Nicolás González Casares: *Indicou que respondería por escrito.*

7º PREGUNTA: O Pleno encargoulles a realización da homenaxe: quen foi o responsable de non cumprir ese encargo?

O Sr. Alcalde-Presidente *indicou que respondería por escrito.*

8ª PREGUNTA: Mantívose algunha contacto coa familia de Sucasas para a monográfica? Ou a monográfica no Cocido foi unha das súas estratexias de fuxir cara adiante de que non fixeron nada?

O Sr. Alcalde-Presidente *indicou que respondería por escrito.*

9ª PREGUNTA: Dende cando teñen decidido facer esa monográfica?. O día seguinte a que o PP presentara a queixa? ou xa foi con anterioridade?

O Sr. Alcalde-Presidente *indicou que respondería por escrito.*

10ª PREGUNTA: O feito de facer unha monográfica de Sucasas impedía a realización dun acto de homenaxe coincidindo con 5º aniversario do seu falecemento?

O Sr. Alcalde-Presidente *indicou que respondería por escrito.*

11ª PREGUNTA: Molestáballe a algún ou a algúns dos membros do Goberno que se tivera feito esta homenaxe?

O Sr. Alcalde-Presidente *indicou que respondería por escrito.*

Dª. PAZ PERÉZ ASOREY:

Eu tamén teño unha pregunta relacionada co Depotermal. Vounas ler, pero eran para o Alcalde.

D. Nicolás González Casares: *Depotermal para o Alcalde?*

PREGUNTA.- Sí, é un tema teu, pero bueno. Vou ler. Nos decretos entregados correspondentes ao mes de maio figura un asinado polo Alcalde de aí, a razón, e o Secretario con data 7 de xuño de 2017 onde se avoga a competencia da Xunta de Goberno. O Alcalde solicita a adhesión do Concello de Lalín ao **Plan de Termalismo**

Social Depotermal da Deputación de Pontevedra. Por que se decidiu facer por vía decreto e non pola vía ordinaria pola Xunta de Goberno, cando na convocatoria di que é un acordo de adhesión e o prazo para solicitar esa adhesión era entre o 17 e 31 de maio do 2017?. Como é posible que se mande ese decreto asinado con data 7 días despois de finalización da Orde de convocatoria?. Ten que ver algo a revisión cos despistes?

D. Nicolás González Casares: *Iso explícoche eu. Foi unha cuestión de administración electrónica e cando detectamos que aquilo non estaba alí, fixemos un decreto, falamos coa deputación e dixeron que estaba perfectamente mandado: un decreto que vale. De feito hai un email dicindo que o tomaran en conta e que estamos adheridos a Depotermal con tódalas garantías.*

D^a. Paz Pérez Asorey: Polo que nos explica tivo que ser a propia Deputación?

D. Nicolás González Casares: *Non; chamamos nós alí e dixéronos que tiveramos un problema.*

D^a. Paz Pérez Asorey: Escoitei mal, senón.

D. Nicolás González Casares: *Igual os informantes non te son de todos bos.*

D^a. Paz Pérez Asorey: Non; me refiro agora a que ti acabas de dicir que chamou a Deputación e vos deron esa posibilidade.

D. Nicolás González Casares: *Chamei eu.*

2º PREGUNTA: Van permitir aos veciños e as veciñas e Lalín que participen?

D. Nicolás González Casares: *Estanse recollendo solicitudes. Acaba o prazo o día 3 e enviaranse tódalas solicitudes recollidas e as que son feitas no Concello. Calquera persoa logo tamén pode facer a súa solicitude pola súa conta.*

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS:

Eu podo entender que teña moito que facer o Alcalde

D. Nicolás González Casares: *Cantas veces marchabas ti?*

D. Xosé Crespo Iglesias: *Pero eu cando marchaba dicía a onde ía. Cando me ía dun Pleno dicía: quedei con tal concelleiro, en tal sitio e por isto. Para que se vira que era verdade e non unha desculpa para non escoitar as preguntas, que é unha técnica boa que eu nunca utilicei pero a puiden utilizar. De todas maneiras, sabe que hai Pleno e hai que reservar a mañá. Eu hoxe non collín nada, porque sabía que había Pleno.*

D. Nicolás González Casares: *El tamén se desculpou.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *Iso si; pero el díxome que ía con Paco.*

D. Nicolás González Casares: *Con Tomás, Paco está aí*

1º ROGO: O día que hai Pleno eu o que pido e que dr quede tamén. Eu podo entender un día, pero todos seguidos, non. Eu pídlle ao Sr Secretario que se o faga chegar porque tódolos rogos son para el. Por tanto que consten en acta e se lle fagan chegar a el, porque non está presente.

Levo dous meses pedíndolle explicacións sobre os whats App famosos de Rueda. Eu quero que me dea unha explicación. Levo dous meses e non vou parar; levo dous meses este é o terceiro

D. Nicolás González Casares: *Queres que te conteste eu.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, quero que me conteste el, porque os dos Whats App son cousa del e mais de Rueda. Supostamente mandoullos Rueda a el. Rueda di que é mentira. Entón, está claro que ou minte Rueda ou minte el. Eu xa sabes o que creo. Por tanto quero unha explicación del, porque afecta á miña honorabilidade. Se non me afectase, dábame igual.

O Sr. Alcalde-Presidente *quedou enterado.*

2º ROGO: Os días que haxa Pleno, eu non teño conveniente. Vostedes acordaron cos funcionarios que entren ás nove. Teñen todo o dereito todo mundo. Pero o día que haxa Pleno, que non haxa que entrar por culpa de que as tarxetas non funcionan e teñamos que entrar pola policía local!

Eu xa sei que vostedes son moi exquisitos: temos unha tarxeta de entrada. As tarxetas abren ás oito; pero as tarxetas hoxe non abrían. Nós temos unha reunión previa ás oito e non abría nin a tarxeta de Vila, nin a miña, co cal houbo que entrar pola policía local e porque estaban alí de casualidade.

O que pido é que durante os días de Pleno e durante estes meses que son de verán, se non as queren habilitar informaticamente para que abran as portas, que veña alguén e que poña alí un caldeiro como fixemos nós, e así podemos pasar todos.

O Sr. Secretario: As tarxetas funcionaban; a miña funcionou. Eu estou aquí desde as oito menos cuarto.

D. Nicolás González Casares: *Eu estou aquí dende as oito menos cuarto.*

D. Xosé Crespo Iglesias: A ver se as tarxetas teñen distintos capítulos. As nosas, as dúas que temos non funcionaron hoxe. É un bloqueo como o de facebook do Alcalde ou quen o mandara. Nós non podemos entrar. A túa abre; a nosa non. Eu tiven que ir, porque se me esqueceron as chaves e como non colla a un policía local e lle diga “pódesme abrir aquí” e que se fíe de min, porque se non se fía, non podo coller o bolso. A culpa é miña por esquecerlas, pero non podo vir, porque non me abre. Eu só sei que hoxe non abriron. Ao mellor pode ocorrer o que di Teresa que se desprogramasen. Só pedimos que cando haxa Pleno, que alguén abra a porta.

O Sr. Alcalde-Presidente *quedou enterado.*

3º ROGO: Pedirlle ao alcalde que deixe de facer o victimismo cando non vai

auga polo seu camiño, que a súa única intención e tapar a capacidade de xestión como fixo esta semana en intentar cargarnos o tinte en cousas onde non tiñamos responsabilidade.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

1ª PREGUNTA: Escoitamos en varios ocasións e leo textualmente para que non me quede nada no tinteiro; logo ao Secretario se o quere, doulle por escrito: Escoitamos en varios ocasións no último mes que o Goberno bipartito salvou ao Concello dunha situación de quebra. Escoitamos argumentos tan novidosos en política como: débeda latente.

Sabe o Alcalde quen foi o prestixioso economista que inventou dito concepto?

Ou foi un invento sen base científica do aparato de propaganda municipal do goberno?.

Calculou tamén o Alcalde o superávit latente que lle deixou o anterior goberno no que puidera incluír os 5 millóns do DUSI, infraestruturas de primeiro nivel funcionando ou a gran maioría dos viarios do rural, e as cantidades de obras que quedaron feitos para inaugurar?

O Alcalde cree que, pese á diferenza entre a débeda e o diñeiro das contas que eran de aproximadamente setecentos mil euros, como el afirmou nos medios de comunicación, o Concello de Lalín estaba ao borde da quebra?

Que pensa que dirá a intervención municipal se lle encargamos un informe no que diga: son conceptos inventados?

O Concello estaba en quebra, preto dela, ou disfrutaba dunha saúde económica?.

Pregúntolle ao Alcalde:

Encarga vostede ese informe que desmonte as súas mentiras sobre a situación económica real do Concello en xuño 2015 ou prefire que llo encarguemos nós por vía da petición dun terzo da Corporación?

Porque estou farto de escoitar que estamos en quebra. Somos 23 concellos e só había un que estaba mellor que nós. Iso pódese demostrar. Pregúntolle ao Concello se estábamos en quebra técnica ou ás portas da quebra técnica?
É totalmente mentira; utilízadelo como unha arma.

D. Nicolás González Casares: Como vámolos utilizar. Iso non é pregunta xa.

2º PREGUNTA: No día de onte remataba o prazo para pedir axudas para acometer a reparación dos danos causados polo temporal de principios de febreiro. Esa Orde sacouna a Xunta de Galicia, tal e como se falou na visita que o Alcalde lle fixo ao Conselleiro; lémbrome que tamén para o Auditorio.

O Día do Cocido, o Tenente de Alcalde foi facer unha brillante foto coa Presidenta da Deputación. Supoño que ao mesmo tempo que haberán solicitado a axuda á Xunta de Galicia, a haberán tramitado coa Deputación, en tempo e forma, para que as dúas institucións e con algo que achegue o Concello se poda arranxar o problema. De non ser así, eu recordareille moito tempo esa foto.

D. Nicolás González Casares: Estamos todos os días pedindo iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa sabe como nós temos a costume de non fiarnos de vostedes, pois se llo piden á Deputación, poderán demostralo. Porque supoño que

cando o piden na Xunta lle darán un rexistro de saída, solicitándolle a achega para tal fin. Terán o mesmo escrito solicitando á Deputación para tal fin?.

D. Nicolás González Casares: *De palabra, por terra, mar e aire; pero non se preocupe que vai a ver escritos.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Se eu non digo que non. Eu soamente pregunto se: como o pedíronllo á Xunta, pedíronlle a eles.

Sendo as 14,19 horas incorporáronse á sesión D. Rafael Cuiña Aparicio, asumindo a Presidencia da sesión, e D. Tomás Vilariño Fidalgo, quedando con dez o grupo de goberno e con vinte e un o número de asistentes ao Pleno.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.

1º ROGO: Demando que expliques a memoria técnica que versa sobre iniciativas sociais á xuventude 2017 con subvención de 2.000 €.

D. Nicolás González Casares: *Son 5.000 €.*

D. Juan José Cruz García: *Creo que dixen 5.000 €.*

2º ROGO: Reclamo que o Concello obrigue a limpar unha parcela proposta na petición con número de rexistro 2707 do 26 de abril do 2017 e tamén outra con entrada de rexistro 6391 do 29 de abril do 2016. Demando que lle conteste a esta familia por escrito, tendo en conta a normativa vixente. Recordo que o non actuar é delito.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3º ROGO: Rogo a *Celia Alonso* que demande a *Nicolás* e a *Rafael*, sobre todo a *Rafael* no tema de firmas falsas do Corpiño e pedir desculpas públicas do tema de Vilatuxe.

Demando que se publique en prensa e senón que faga un informe para o Pleno de todas esas actuacións de diferentes concelleiros e fóra do Pleno, tamén das festas de Vilatuxe e que se pronuncien en informe, para que cada un limpar a súa imaxe.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4º ROGO: Que teñades en conta que perdiches unhas axudas forestais que non solicitastes á Deputación. Infórmovos que a Deputación anunciou que van abrir unha segunda convocatoria e tedes outra oportunidade. Polo tanto a ver se de esta volta non perdedes a subvención

D. Nicolás González Casares: *Esas subvencións non as piden os Concellos. Teñen que ser as comunidades de montes. Son uns requisitos moi claros.*

D. Juan José Cruz García: *Se non as podedes pedir: dinamicedes!*

D. Nicolás González Casares: *Vouche explicar. En febreiro, antes de que*

saíra a Orde, falei coas comunidades de montes que podían estar interesadas, porque é para un parque forestal; entón lede ben as bases.

D. Juan José Cruz García: Isto pode ser obxecto en futuros debates e de crear unha partida concreta para aquelas asociacións ou aquelas comunidades que queiran dispoñer de cantidades para poder facer os proxectos e para poder dinamizalos.

D. Nicolás González Casares: Non liches a Orde, porque a Orde o que di é que para a redacción de proxectos é a primeira liña e para a execución a segunda.

D. Juan José Cruz García: Estou acotando outro tipo de subvencións que xa perdiches e que non dinamizastes.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

5º ROGO: Que se arranxen as arquetas municipais que van dende a Ponte, na esquina que sube a Pintor Laxeiro. Hai veciños que se queixan polos ruídos molestos que producen.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

6º ROGO: Que demandedes ás empresas que melloren a cobertura móbil de TV con comunicados para as empresas.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

7º ROGO: Que nas enquisas das piscinas nalgún momento poñades neste tema o que dixen antes: cifrar unha cantidade económica para poder pronunciarnos cara a un lado ou cara outro.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

8º.- ROGO: Paréceme moi importante seguir valorando a liberdade de expresión. Xa que aquí se dixo que o *Sr. Alcalde* nunca ía atender cara á liberdade de expresión dun funcionario, demando que non se faga isto con ningún concelleiro; que se proceda abrir portas e que se poida debater. Que tódolos bloqueos e censuras se eliminen polo ben de poder debater e polo ben de poder falar todas estas cuestións.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

Sendo as 14, 19 horas abandonou a sesión D. Francisco Vilariño Taboada, quedando con vinte o número de asistentes e con nove o grupo de goberno.

1º PREGUNTA: Para o Alcalde. Os seus socios do Goberno puxéronlle algún impedimento ou favoreceron que puidera ir a misa?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: non.

2ª PREGUNTA: Por que non se actuou nos expedientes que estamos falando

no turno de rogos número 2707 do 26 de abril do 2017 e con anterioridade 6391 do 29 de abril de 2016?

Por que non se actuou e non se lle da contestación a esta familia?

Chegado o momento ao mellor hai que facer un informe, se non nos contestan.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

3ª PREGUNTA: Para Lara. Que fixo hoxe?. A liberdade de expresión se respecta moito na APAC? Fuches a algunha declaración diante do xuíz ou a algo? A APAC estaba falando de liberdade de expresión?

D. Nicolás González Casares: E ti onde estabas o 24 de xuño?

D. Juan José Cruz García: Diante dun Tribunal.

D. Nicolás González Casares: Pois no mesmo que estivo Lara.

D. Juan José Cruz García: Pois que saibades que hai dilixencias previas da APAC sobre a expulsión dunha persoa desa corporación e que.

Dª Lara Rodríguez Peña indicou que ese era un problema seu.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que se responderían por escrito as preguntas segunda e cuarta.

E, sendo as catorce horas e vinte e catro minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Alcalde levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas